

XUNTA DE GOBERNO**Sesión do día 23 de setembro de 2022**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e tres de setembro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia de D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asistiu a Ilma. Sra. Presidenta *Dna. M^a del Carmen Silva Rego*, nin as deputadas *Dna. Noemí Outeda Prol* e *Dna. Iria Lamas Salgueiro*, xustificando as súas ausencias.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32121.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 16 de setembro de 2022.

2.32122.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS “SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2022”, PARA O CONCELLO DE MOS (Expte. 2022008527)”

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 10 de xaneiro de 2022, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2022 (Convocatoria CSX_C/22) e que foron publicadas no BOPPO núm.15 do 24 de xaneiro de 2022. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 24 de febreiro de 2022, o Concello de Mos presentan a súa solicitude en forma e prazo.



3º O antedito Concello atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social, non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2021 e presentaron a xustificación do mesma en prazo.

4º Con data 13 de setembro de 2022 a Xefa de Servicio de Cohesión Social e Xuventude emite informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2022 para o *Concello de Mos*.

5º O Servizo de Intervención a través de informe de data 15 de setembro de 2022, informa favorablemente o expediente e constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 22/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para o citado concello que presentou a solicitude completa e correcta para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2022.

Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de cofinanciamento dos Servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2022, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2022 ao *Concello de Mos* un importe global de 45.104,00€ para gastos de persoal e 35.760,24€ para o financiamento dos servizo de axuda no fogar (SAF) básico o que supón un total de 80.864,24€, que se imputarán á aplicación orzamentaria 22/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial.

3.32123.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNADA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430”. (Expte. 2022022211)

Antecedentes:

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



2. A Deputación de Pontevedra é titular da Estrada Provincial E.P. 2001 Calvario- A Garrida, que transcorre polo Concello de Vigo e que ten, no seu primeiro treito, unha lonxitude de 8.313 metros. Trátase dunha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable cunha elevada intensidade media diaria de tráfico. Ademais na contorna da Entidade Local Menor de Bembrive sitúanse a Praza do Mosteiro e locais comerciais polo que é unha zona moi concorrida por peóns e na actualidade insegura para os mesmos debido ao ancho das beirarrúas e á desorganización do aparcamento. Por este motivo a Deputación de Pontevedra decidiu contratar a redacción do proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, P.Q. 3+430 (Concello de Vigo)*” para dotar a zona de prioridade peonil segura.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no *Concello de Vigo*, na parroquia de Bembrive á altura do P.Q. 3+430 da E.P. 2001, sendo o seu obxecto principal a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns.

O resumo do orzamento das obras proxectadas é o seguinte:

Execución material	162.224,55 €
Presuposto base de licitación	193.047,21 €
Presuposto base de licitación con IVE	233.587,12 €

3. O Concello de Vigo presta conformidade ao presente convenio mediante escrito remitido en acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xullo de 2022. A achega municipal ao mesmo (70.076,14 €) financiarase con cargo aos créditos que a Deputación Provincial ten previstos a través do programa de cooperación cos concellos para o desenvolvemento das actuacións no Concello de Vigo.

4. Os servizos técnicos da Deputación, en data 9 de xuño de 2022, informaron sobre a xustificación das porcentaxes de financiamento e sobre a prioridade das obras.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Bases de execución do orzamento provincial



2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do *Tribunal de Cuentas* recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.



4ª Financiamento:

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	163.510,98 €	70
Concello de Vigo	70.076,14 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	233.587,12 €	100

A Deputación financiará a súa achega (163.510,98€) con cargo á aplicación 22/456 4530 612.02 do orzamento provincial do ano 2022.

A achega do Concello de Vigo (70.076,14 €) financiarase con cargo aos créditos que a Deputación Provincial ten previstos a través do programa de cooperación cos Concellos para o desenvolvemento das actuacións no *Concello de Vigo*, con cargo á aplicación 22/942.9420.762.14.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Supervisión do proxecto. Autorizacións sectoriais:

Conforme ao disposto no artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a supervisión do proxecto nos supostos que o orzamento base de licitación é inferior a 500.000,00 €, IVA excluído, ten carácter facultativo. En calquera caso, aínda que tanto a supervisión do proxecto como as autorizacións sectoriais non son esixibles para a aprobación do convenio, antes da aprobación do proxecto deberán obterse a autorización sectorial de Patrimonio Cultural.

6ª Órgano competente para a aprobación:

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.



Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Vigo* co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430 .

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra en calidade de presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo na súa condición de alcalde-presidente da citada Corporación, conforme ao disposto no artigo 124 da LBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Dan fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a María Concepción Campos Acuña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está levando a cabo unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

II.- Que o art. 36.1) LBRL e 109 e 110 da LALGA encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria provincial.



Os artigos 25.2.d) e 26.1 da LBRL atribúen ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade e a obriga de prestar aos seus cidadáns determinados servizos públicos.

III.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento aceptado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP), o artigo 57 da LBRL e os artigos 198 e seguintes da LALGA.

IV.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da Estrada Provincial E.P. 2001 Calvario- A Garrida, que transcorre polo Concello de Vigo e que ten, no seu primeiro treito, unha lonxitude de 8.313 metros.

Trátase dunha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable cunha elevada intensidade media diaria de tráfico. Ademais na contorna da Entidade Local Menor de Bembrive sitúanse a Praza do Mosteiro e locais comerciais polo que é unha zona moi concorrida por peóns e na actualidade insegura para os mesmos debido ao ancho das beirarrúas e á desorganización do aparcamento. Por este motivo a Deputación de Pontevedra decidiu contratar a redacción do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, P.Q. 3+430 (Concello de Vigo)” para dotar a zona de prioridade peonil segura.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Vigo, na parroquia de Bembrive á altura do P.Q. 3+430 da E.P. 2001, sendo o seu obxecto principal a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns.

As actuacións propostas teñen por finalidade facilitar a seguridade coa reestruturación dos espazos recuperando o máximo espazo posible para uso peonil. Deste xeito, combinando firmes de lastro de pedra, formigón HF-4, lousa de pedra e aglomerado, e intercalando tamén pequenas zonas axardinadas, executando unha plataforma ao mesmo nivel, elevada con respecto aos viarios, que abrangue a intersección das 4 vías que concorren na contorna do P.Q. 3+430.

Deste xeito, mellóranse as condicións de seguridade viaria para os peóns que na actualidade dispoñen dunhas beirarrúas moi reducidas tendo en conta que se trata do centro do núcleo de poboación onde se espera unha importante afluencia de peóns polos servizos que neste lugar se atopan. A maiores, executaranse as canalizacións da rede de telecomunicación, rede eléctrica de baixa tensión e alumado público, e construíranse novos sumidoiros que se conectarán a rede de pluviais existente.

Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, P.Q. 3+430 (Concello de Vigo)”.



O proxecto establece, dunha banda, a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a execución dunha plataforma única con prioridade peonil. A maiores, executaranse as canalizacións da rede de telecomunicación, rede eléctrica de baixa tensión e alumeadado público, e construíranse novos sumidoiros que se conectarán a rede de pluviais existente.

Segunda.- Importe do convenio:

O importe o que se refire a presente actuación ascende a cento novena e tres mil corenta e sete euros con vinte e un céntimos (193.047,21€), máis corenta mil cincocentos trinta e nove euros con noventa e un céntimos (40.539,91 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de douscentos trinta e tres mil cincocentos oitenta e sete euros con doce céntimos (233.587,12 €).

Terceira.- Financiamento:

O investimento necesario para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Vigo mediante a achega das seguintes cantidades:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	163.510,98 €	70
Concello de Vigo	70.076,14 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	233.587,12 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2022.

A achega do Concello de Vigo, pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, realizarase con cargo aos créditos que a Deputación Provincial ten previstos a través do programa de cooperación cos concellos para o desenvolvemento das actuacións no Concello de Vigo, con cargo á aplicación 22/942.9420.762.14.

Antes de aprobar o expediente de contratación correspondente por parte da Deputación de Pontevedra, deberase acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra:

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira.



Quinta.- Obrigas do Concello:

O Concello de Vigo obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, canalizacións, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fai referencia o apartado 2 anterior.*
- 4) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra:

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, P.Q. 3+430 (Concello de Vigo)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas:

O Concello de Vigo faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa achega con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control:

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.



Novena.- Vixencia do convenio:

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2023.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Décima.- Resolución:

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable:

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- *Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- *Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento.*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*Pola Deputación de Pontevedra,
María del Carmen Silva Rego*

*Polo Concello de Vigo,
Abel Ramón Caballero Álvarez*

*O secretario xeral,
Carlos Cuadrado Romay*

*A secretaria xeral do Concello,
María Concepción Campos Acuña*

Segundo.- Facultar á presidenta para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.



4.32124.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A “PROMOCIÓN DA MOBILIDADE DO SEU ESTUDANTADO CON APOIO DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS AOS PROGRAMAS DE INTERCAMBIO INTERNACIONAIS, DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO, PARTICIPANTES NO PROGRAMA ERASMUS+ESTUDOS E PROGRAMAS DE INTERCAMBIO CON PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS (PRAZAS PROPLAS, ISEP E GE4)”.
(Expte. 2022042428)

Vista a solicitude da Universidade de Vigo presentada en sede electrónica de data 10 de xuño de 2022 e rexistro de entrada nº 2022015508, solicitando formalmente á Deputación de Pontevedra apoio para complementar as bolsas dos estudantes que gozarán dunha bolsa de intercambio durante o curso 2022-2023, para a promoción das mobilidades entre o estudiantado da Universidade e sobre todo para permitir a participación daqueles con menos recursos económicos. Con posterioridade, a Universidade de Vigo tamén presentou a declaración responsable e certificado polos técnicos do servizo de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias aos efectos de obter unha subvención outorgada polas Administracións Públicas.

Visto o Informe do Xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 30 de xullo de 2022 no que se determina que a achega económica pode concederse mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo, como entidade colaboradora; e segundo o artigo 22.2.c da lei 38/2003 de 17 de novembro establece que: “poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario”, e con esta iniciativa contribúese a fomentar e mellorar a empregabilidade do emprego e a formación dos titulados universitarios, dos campus de Pontevedra e Vigo, de cara á súa futura integración laboral, así como, de xeito indirecto, no desenvolvemento económico da nosa provincia. Ademais, hai que ter en conta que na nosa provincia só existe unha universidade pública polo que a Universidade de Vigo (Campus Pontevedra-Vigo) é a única entidade que pode levalo a cabo.

Visto o Informe favorable de Intervención de data 15 de setembro de 2022 no que entre outros, precisa que o importe total das axudas acada 100.000,00€ e imputarase con cargo á aplicación 22/240.2412.481.01, na que existe crédito para tal fin retido mediante documento R.C. núm. 202200182533. Sinala que o órgano competente para a aprobación do presente convenio é a Xunta de Goberno, de acordo coas bases aprobadas para a aprobación do orzamento.



Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobación do *Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo*, consistente na concesión de 100 bolsas, de 1.000€ cada unha, que servirán para completar as bolsas Erasmus+Estudos e Programas de Intercambio con países extracomunitarios (Prazas propias, ISEP e GE4) para o curso 2022-2023, de xeito que redunde en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia de Pontevedra e dos seus habitantes, así como o texto do mesmo, cuxo teor literal é o seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO, COMO ENTIDADE COLABORADORA, PARA A PROMOCIÓN DA MOBILIDADE DO SEU ESTUDANTADO CON APOIO DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS AOS PROGRAMAS DE INTERCAMBIO INTERNACIONAIS, DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO, PARTICIPANTES NO PROGRAMA ERASMUS+ESTUDOS E PROGRAMAS DE INTERCAMBIO CON PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS (PRAZAS PROPIAS, ISEP E GE4).

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Excm^a. Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta do devandito organismo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

E doutra, o Excmo. Sr. D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019.

Ante o secretario desta Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay, que dá fe deste acto, ambas as partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

1.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra é a entidade de goberno e administración autónoma da provincia, dentro da esfera das súas competencias, sendo os seus fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos básicos e o fomento e administración dos intereses da provincia, entre eles as oportunidades de acceso a una maior cualificación profesional da mocidade.



2.- *Que a Universidade de Vigo, creada pola Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público de educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios, e como organización pública que é, está ao servizo da sociedade, constituíndo unha das súas actividades a participación en programas de mobilidade nacional e internacional nos que poida participar a comunidade universitaria.*

3.- *Que a Universidade de Vigo, como titular da “Erasmus Charter for Higher Education” que lle faculta para participar no programa Erasmus+, leva varios anos sendo beneficiaria de axudas neste programa. Igualmente, esta universidade realiza convocatorias de bolsas propias de intercambio internacionais.*

4.- *Que ambas partes, coa posta en marcha das diversas convocatorias de mobilidade dentro do programa Erasmus+ e na convocatoria de bolsas propias de intercambio internacionais, queren promover a participación do alumnado universitario coa finalidade de contribuír á formación integral do estudantado e á súa adaptación ás esixencias do mercado laboral a escala comunitaria e extra-comunitaria.*

De acordo co indicado, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- *Obxecto do convenio:*

Establecer as bases de colaboración entre a Universidade de Vigo, como entidade colaboradora, nos campus de Pontevedra e Vigo, e a Deputación Provincial de Pontevedra para ou outorgamento de 100 bolsas por importe de 1.000€ cada unha (80 bolsas para Erasmus+ Estudos e 20 bolsas para convocatorias propias, GE4 e ISEP) e que servirán para completar as bolsas ao abeiro das distintas convocatorias existentes no programa Erasmus+, para a promoción da mobilidade de estudantes da convocatoria de Erasmus+ Estudos (que facilita a realización de estudos en diferentes universidades europeas) e para as convocatorias de prazas en países extracomunitarios (prazas propias, ISEP e GE4), de xeito que redunde en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia de Pontevedra e dos seus habitantes.

A distribución das bolsas antes comentadas (por un lado, 80 bolsas para Erasmus+ estudos e, por outro, 20 bolsas para Bolsas propias, ISEP e GE4) poderán ser obxecto de modificación cando non existan candidatos que cumpran os requisitos establecidos nun dos grupos, sempre que as bolsas non superen seu conxunto o número de 100 e por importe de 1.000€ cada unha.

SEGUNDA.- *Obrigas da Deputación de Pontevedra:*

Son obrigas da Deputación de Pontevedra:

Transferirle á Universidade de Vigo, para potenciar a mobilidade no cadro do programa Erasmus+, como complemento desas bolsas, e como complemento de bolsas propias de intercambio, a achega económica de 100.000 euros para o financiamento de axudas complementarias destinadas aos bolseiros/as de Erasmus+ Estudos da universidade e para os bolseiros das convocatorias de prazas en países extracomunitarios (prazas propias, ISEP e GE4) seleccionados nos centros de Pontevedra e Vigo.



TERCEIRA.- Obrigas do alumnado beneficiario:

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.*
- b) Xustificar ante entidade colaboradora o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade que determine a concesión e goce da subvención, nos termos establecidos nas respectivas convocatorias dos programas Erasmus+ e nas convocatorias de bolsas propias que se desenvolvan dende a Universidade de Vigo.*

CUARTA.- Obrigas da entidade colaboradora:

Son obrigas da entidade colaboradora:

- a) Entregarlle ao alumnado beneficiario os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos no presente convenio.*
- b) Comprobar, no seu caso, o cumprimento das condicións ou requisitos determinantes para o seu outorgamento, así como a realización da actividade que determine a concesión da subvención.*
- c) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante a Deputación de Pontevedra.*
- d) Publicar as convocatorias para a selección de estudantes participantes nos programas de Erasmus+ Estudos, así como de solicitar a financiación europea perante o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).*
- e) Publicar as convocatorias de prazas en países extracomunitarios (prazas propias, ISEP e GE4) para a selección de estudantes participantes.*
- f) Asumir a organización, desenvolvemento e xustificación das actividades de mobilidade de estudantes referidas nesta cláusula.*
- g) Comunicar á Deputación Provincial de Pontevedra a relación de estudantes beneficiarios, así como as contías individuais asignadas a estes ao abeiro do presente convenio de colaboración.*
- h) Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición para percibir subvención.*

QUINTA.- Financiamento:

A financiación deste convenio, que ascende a 100.000€, farase con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2412.481.01 do orzamento de gastos da Deputación de Pontevedra.

SEXTA.- Pagamento e xustificación:

A axuda económica que se concede á Universidade de Vigo solicitada á Deputación de Pontevedra terá un importe de 100.000€, dos que 60.000€ se pagarán na data da sinatura do convenio, unha vez xustificado o inicio da execución do programa, e os 40.000€ restantes unha vez que presenten a xustificación das 100 mobilidades.

A Universidade de Vigo deberá xustificar perante a Deputación Provincial de Pontevedra o importe individual de cada bolsa concedida especificando o programa (Erasmus+ Estudos, prazas propias, ISEP ou GE4), mediante xustificación bancaria, o nome, apelidos e DNI, titulación e campus no que está matriculado o/a beneficiario/a, a duración da estada financiada (data de chegada e partida) e o país de destino. Esta xustificación farase unha vez aboadas todas as bolsas ao estudantado seleccionado tendo como data límite o 31 de outubro de 2023.

Así mesmo, a Universidade de Vigo deberá xustificar a financiación recibida como achega complementaria ao programa Erasmus+ perante o SEPIE.



SÉTIMA.- Publicidade:

As partes asinantes obríganse, coa formalización deste convenio, a facer públicos os datos relativos á achega económica outorgada por medio deste convenio.

OITAVA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- a. O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.*
- b. O mutuo acordo das partes.*

NOVENA.- Duración do convenio:

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e o seu período de vixencia rematará o 30 de novembro de 2023, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar, de forma expresa, o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

DÉCIMA.- Comisión de seguimento:

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión mixta integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, á que lle corresponderá a interpretación do convenio e a resolución de controversias que se poidan xerar na súa execución.

UNDÉCIMA.- Natureza do convenio:

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa.

DUODÉCIMA.- Protección de datos:

As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.



Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes, sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Baixo os termos referenciados e en proba de conformidade, asinan e rubrican as partes este convenio.

*Pola Universidade de Vigo,
Asdo.- Manuel Joaquín Reigosa Roger (Reitor)*

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
Asdo.- María del Carmen Silva Rego (Presidenta)*

*O Secretario Xeral,
Asdo.-Carlos Cuadrado Romay”*

Considerando o anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aprobar o convenio e as cantidades que se detallan.
- 2.- Notificar este acordo ás partes interesadas.

5.32125.- APROBACIÓN DO PROXECTO PRESENTADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NA CONVOCATORIA DE PROPOSTAS 2022 DO PROGRAMA ERASMUS+ E XERACIÓN DE CRÉDITO.
(Expte.2021064912)

A Deputación de Pontevedra presentou o día 22 de febreiro de 2022 o proxecto do consorcio de mobilidade constituído ao abeiro do disposto na resolución presidencial con número RP2022000136 pola que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria do procedemento de adhesión de centros de FP con ciclos medios da provincia de Pontevedra para a formación dun consorcio de mobilidade co obxecto de presentar un proxecto na Convocatoria de Propostas 2022 do programa Erasmus+.

O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 60 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (ErasmusPro), 5 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.



Duración e prazo de desenvolvemento do proxecto: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2022 ata o 31 de agosto de 2023). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus.

Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de catro períodos a concretar.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.

A Dirección do *Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) con data 15 de xullo de 2022 resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas, correspondente á citada convocatoria, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 599.765,00 €.

En consecuencia, resulta preciso a aprobación do proxecto e realizar a xeración orzamentaria polo importe de 599.765,00 € efectivamente concedido e que se recolle na Cláusula I.3.1. do convenio de subvención 2022-1-ES01-KA121-VET000064494 e, por parte do financiamento propio, estase a tramitar o expediente de modificación de crédito 05/2022 e de acordo ás anualidades seguintes ao tratarse dun proxecto plurianual.

PROXECTO ERASMUS+ 2022				
(Porcentaxe)	80%	10%	10%	100%
ANUALIDADE	2022	2023	2024	TOTAL
ACHEGA SEPIE	479.812,00 €	119.953,00 €	119.953,00 €	599.765,00 €
FONDOS PROPIOS DEPUTACIÓN	157.679,00 €*	19.711,00 €	19.710,00 €	197.100,00 €
TOTAL	637.491,00 €	79.687,50 €	79.686,50 €	796.865,00 €

Visto o informe-proposta do xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 16 de setembro de 2022.

Visto o informe de Intervención de conformidade á aprobación e aceptación dos compromisos de execución do proxecto “2200002 PRACTICUM DEPO 2022”.



En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra na convocatoria de propostas 2022 do programa Erasmus+ dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” e financiado polo Servizo Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) e que posúe as características establecidas no presente informe, xunto coas condicións, prazos de execución e todas as obrigas inherentes ao mesmo de acordo cos criterios esixidos pola convocatoria 2022 do programa Erasmus+.
2. Aprobar de forma taxativa a distribución do gasto cos importes que correspondan a esta Deputación Provincial dentro do total do proxecto.
3. Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gastos” tal e como establece a Base 27ª de execución do orzamento provincial para o exercicio 2021, garantindo a existencia dunha contabilidade separada.
4. Aprobar a xeración de crédito polos importes da subvención, abrindo as aplicacións e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gastos”.
5. Facultar á presidenta como representante legal da Deputación de Pontevedra para formalizar mediante a súa sinatura o devandito convenio entre esta institución e o SEPIE.

Este acordo quedaría supeditado á sinatura do Convenio de Subvención entre o SEPIE e a Deputación de Pontevedra.

6.32126.- SUBSTITUCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 22/04/2022 (Nº3.31598), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023- LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA SENDA PEONIL EN BAREDO” (Expte.2022010843)

Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

En data 22/04/2022, mediante acordo núm. 3.31598 da Xunta de Goberno provincial concedeuse ao Concello de Baiona un subvención para a actuación “*Mellora Senda Peonil en Baredo*”, Expte.2022010843, polo procedemento de concorrencia non competitiva, tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	217.114,88 €	217.114,88 €	0,00 €

O referido orzamento abrangue 205.052,94 € de execución de obra, 5.169,40 € de honorarios de redacción de proxecto, e 6.892,54 euros de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde. Ademais, a concesión da subvención se fixo condicionada á obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do Instituto de Estudos do Territorio, de Augas de Galicia e do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra.

Mediante rexistros WEB2022045682 e WEB2022020157 de data 18/08/2022, o Concello manifesta que se ve avocado a reformular o proxecto orixinal ao seguir os condicionantes da Dirección Xeral de Patrimonio. Emporiso se presenta un novo proxecto técnico que substitúe o que rexeu no seu momento a concesión, xa aprobado polo órgano municipal competente.

As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 22/08/2022.

Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.



- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do enxeñeiro xefe de Cooperación, de data 22/08/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 24/08/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 12/09/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2022010843, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 3.31598, do día 22/04/2022 polo que se concede ao *Concello de Baiona*, CIF: P3600300B, a cantidade de 217.114,88 € con destino ao financiamento do investimento “*Mellora senda peonil en Baredo*”.



- O novo proxecto presentado non modifica o orzamento orixinal, nin a subvención outorgada, non altera o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.
- O resto do acordo da xunta de goberno núm. 3.31598, do día 22/04/2022, permanecerá invariable, polo que queda condicionada á resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do Instituto de Estudos do Territorio, de Augas de Galicia e do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Baiona*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

7.32127.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS-PUXEIROS DENDE O P.Q. 0+020 ATA O P.Q. 0+600 (CONCELLO DE MOS)”. (Expte. 2022045199)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da E.P. 2601 Mos-Puxeiros, que transcorre polo Concello de Mos e que ten unha lonxitude total de 5.665 m.

Resultando.- Que a EP-2601 que conecta Mos con Puxeiros é de dobre sentido de circulación e de sección variable. No treito comprendido entre o PQ 0+020 e o PQ 0+600 atópanse na súa marxe esquerda o acceso o paseo fluvial e o parque infantil e a marxe dereita a Igrexa de Santa Eulalia, o acceso o albergue de peregrinos, o aparcamento e o parque de Pazo de Mos. Debido os diferentes equipamentos públicos que existen no entorno do treito estudado e a maiores que por el discorre o camiño de Santiago portugués, trátase dunha zona moi concorrida a nivel peonil, e que na actualidade se mostra insegura para os mesmos. A maiores, dita estrada presenta unha elevada IMD o que dificulta a mellora da seguranza na zona.

Resultando.- Que na súa consecuencia , a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mos, formalizaron na data 28/06/2022 o convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)”, por importe de 446.545,39 €.



Resultando.- Que recolle o citado convenio, que os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación e o Concello de Mos mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	Achega	%
Deputación Pontevedra	312.581,77 €	70
Concello de Mos	133.963,62 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	446.545,39 €	100

Resultando.- Correspóndelle á Deputación a redacción do proxecto técnico para a execución das obras “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, S.L., o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”, cun orzamento base de licitación de 446.545,39 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV): ZZ9UIMVS3OR4FIOT.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse o documento RC número 202200068994 por importe de 446.545,39 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que constan no expediente autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12/08/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”, redactado pola enxeñeira Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, S.L cun orzamento base de licitación de 446.545,39 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV): ZZ9UIMVS3OR4FIOT.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 30/08/2022 emitiu informe o Secretario Accidental da Deputación recollendo o seguinte: *“...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...”*

Resultando.- Que con data 15/09/2022 emitiu informe a Xefa do Servizo de Fiscalización, no que se recolle o seguinte: *“...Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. -Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.”*



Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizárase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”, cun orzamento base de licitación de 446.545,39 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe	369.045,78 €
IVE (21%)	77.499,61 €
Importe Total	446.545,39 €
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): GLEVRF0DK25YJGTN, e de prescricións técnicas con código (CSV) ZZ9UIMVS3OR4FIOT, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 446.545,39 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



8.32128.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DA “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS E MAQUINARIA NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2022030646)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo de 2022, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto SARA, da “*Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación Pontevedra*”, cos seguintes lotes: Lote nº1: Zona Norte (Brigada 3, Parque de Lalín), Lote nº 2: Zona Centro (Brigadas 1, 2 e 4. Parque de Pontevedra) e Lote nº 3: Zona Sur (Brigada 8. Parque de Gondomar), cun prazo de duración de un ano, e cun orzamento de licitación (IVE engadido) que ascende a cantidade de 551.822,21€.

O anuncio de licitación enviouse ó DOUE, con data 12 de xullo de 2022, e publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 14 de xullo de 2022.. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 18 de agosto de 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, sendo as empresas admitidas á licitación as seguintes:

EMPRESAS	Lotes os que se presentan
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A. (CIF A-36008886)	Lote nº 2 e lote nº 3.
UTE ARICUR-OTERO FORESTAL-NORTEMAR	Lote nº 1 e lote nº 2.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliabile mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas.

Unha vez efectuada a valoración das ofertas dos sobre “B”, segundo os criterios establecidos nos pregos, o resultado da mesma foi o seguinte:

Os valores ofertados foron os seguintes:

Empresa:

CONTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA). (C.I.F.- A36008886).

1.- Prezo total ofertado por Lote:

	Prezo sen IVE	21% IVE	Prezo IVE engadido
Lote nº 2 Zona Centro	222.722,48 €	46.771,72 €	269.494,20 €
Lote nº 3 Zona Sur	115.751,97 €	24.307,91 €	140.059,88 €



2.- Outros criterios de adxudicación:

	SÍ	NON
Acreditación dun sistema de control de calidade no desenvolvemento dos traballos obxecto do contrato (UNE-EN ISO 9001).	X	
	SÍ	NON
Acreditación dun sistema de control ambiental na execución dos traballos obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14001).	X	

UTE “ARICUR-OTERO FORESTAL-NORTEMAR”

1.- Prezo total ofertado por Lote:

	Prezo sen IVE	21% IVE	Prezo IVE incluído
LOTE nº 1 Zona Norte	117.576,97 €	24.691,16 €	142.268,13 €
LOTE nº 2 Zona Centro	201.563,84 €	42.328,41 €	243.892,25 €

2.- Outros criterios de adxudicación:

	SÍ	NON
Acreditación dun sistema de control de calidade no desenvolvemento dos traballos obxecto do contrato (UNE-EN ISO 9001).	X	
	SÍ	NON
Acreditación dun sistema de control ambiental na execución dos traballos obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14001).	X	

Unha vez efectuada a valoración das ofertas dos sobres “B”, segundo os criterios establecidos nos pregos, o resultado da mesma foi o seguinte:

Lote 1: Zona Norte.

Empresas	Puntuación prezo	Puntuación certificación UNE-EN_Iso 9001 ou similar	Puntuación certificación UNE-EN_Iso 14001 ou similar	Puntuación total
UTE Aricur- Otero Forestal-Nortemar	0	5,00	5,00	10,00

Lote 2: Zona Centro.

Empresas	Puntuación prezo	Puntuación certificación UNE-EN_Iso 9001 ou similar	Puntuación certificación UNE-EN_Iso 14001 ou similar	Puntuación total
UTE Aricur- Otero Forestal-Nortemar	47,239	5,00	5,00	57,239
COVSA	0	5,00	5,00	10,00



Lote 2: Zona Sur.

Empresas	Puntuación prezo	Puntuación certificación UNE-EN_Iso 9001 ou similar	Puntuación certificación UNE-EN_Iso 14001 ou similar	Puntuación total
COVSA	0	5,00	5,00	10,00

No mesmo acto, unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente as ofertas que queda da seguinte forma:

Lote 1 – Zona Norte:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE “B”	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	UTE Aricur-Otero Nortemar	10	10

Lote 2 – Zona Centro:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE “B”	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	UTE Aricur-Otero Nortemar	57,239	57,239
2ª	COVSA (CIF A-36008886)	10	10

Lote 3 – Zona Sur:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE “B”	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	COVSA (CIF A-36008886)	10	10

En base á dita clasificación, propónse ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e procederase á adxudicación de acordo co seguinte detalle:

Lote 1.- Zona Norte : UTE Aricur- Otero Forestal Nortemar

Importe sen IVE	117.576,97 €
IVE (21%)	24.691,16 €
Importe total ofertado	142.268,13 €



Lote 2.- Zona Norte: UTE Aricur- Otero Forestal Nortemar:

Importe sen IVE	201.563,84 €
IVE (21%)	42.328,41 €
Importe total ofertado	243.892,25 €

Lote 3.- Zona Sur: COVSA (CIF A-36008886):

Importe sen IVE	115.751,97 €
IVE (21%)	24.307,91 €
Importe total ofertado	140.059,88 €

Mediante Resolución Presidencial número 2022006243, de o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ás empresas, que presentan a mellor oferta en cada un dos tres lotes, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

As empresas presentan a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2022049149, de data 13/09/2022 á UTE ARICUR-OTERO FORESTAL NORTEMAR, e Rexistro de entrada WEB 2022049458 de data 14/09/2022 á empresa COVSA S.A.), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, constan no expediente constitución das garantías definitivas, carta de pago núm. operación 202200180094 por importe de 5.878,85€ (lote nº 1), carta de pago núm. 202200180143, por importe de 10.078,19€ (lote nº 2), e carta de pago núm. 202200182922, por importe de 5.787,60€ (lote nº 3).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a),



que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o expediente de contratación mediante procedemento aberto sara para a Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra, de acordo co seguinte detalle e polos seguintes prezos unitarios:

Lote nº 1: UTE Aricur- Otero Forestal Nortemar (U-01846948):

Importe sen IVE	117.576,97 €
IVE (21%)	24.691,16 €
Importe total ofertado	142.268,13 €

E polos seguinte prezos unitarios:

Ud	DESCRIPCION	Prezo	Medición	Importe
Grupo I:	SUMINISTRO DE MAQUINARIA CON CONDUCTOR			
H	Máquina retroexcavadora mixta c/ accesorios (martelo, etc.) 70 CV, incluído sinalista	37,50 €	350,00	13.125,00 €
H	Máquina motoniveladora de 125 CV	70,00 €	10,00	700,00 €
H	Camión 3x2/3x3 PMA 24/26 t	45,00 €	225,00	10.125,00 €
H	Camión 2x1/2x2 PMA 18/20 t	40,00 €	225,00	9.000,00 €
H	Camión góndola de 40 t	80,00 €	10,00	800,00 €
H	Camión grúa incluída cucharas para carga de terras, 2x1/2x2 MA 18/20 t	52,50 €	270,00	14.175,00 €
Grupo II:	SUMINISTRO DE MAQUINARIA SIN CONDUCTOR			
Día	Máquina miniretroexcavadora c/ accesorios (varredora, cazo, martelo, etc.)	150,00 €	5,00	750,00 €
Grupo III:	SUMINISTRO DE MATERIALES			
ud	Bote 25 kg aglomerado asfáltico en frío envasado emulsión ECM1 y árido 3-8 mm	11,00 €	80,00	880,00 €
tn	Emulsión asfáltica ECM-1 / C 67 BF 4	509,46 €	8,00	4.075,68 €
tn	Emulsión asfáltica ECR-2 / C 65 B 3	450,11 €	8,00	3.600,88 €
tn	Árido 0/6 AF-T-0/4-G	12,40 €	50,00	620,00 €
tn	Árido 2/6 ou 6/12 AG-T-2/5, 6-G; AG-T-4/10-G	13,22 €	100,00	1.322,00 €



tn	Zahorra ZA-0/10 TU-T-0/40-G	8,26 €	50,00	413,00 €
m3	Formigón H-200 (HA/20/B20/11A)	71,42 €	10,00	714,20 €
m	Tubería PVC dobre parede SN-4 D=315 mm	25,00 €	10,00	250,00 €
m	Tubería PVC compacto SN-4 D=315 mm	30,00 €	10,00	300,00 €
m	Tubería PVC dobre parede SN-4 D=400 mm	35,00 €	10,00	350,00 €
m	Tubería PVC compacto SN-4 D=400 mm	49,00 €	10,00	490,00 €
m	Caño formigón campaña D=40 cm	15,50 €	10,00	155,00 €
m	Caño formigón e D=50 cm	19,00 €	10,00	190,00 €
m	Caño formigón campaña D=60 cm	21,00 €	10,00	210,00 €
m	Caño formigón reforzado D=100 cm	36,00 €	5,00	180,00 €
m	Barrera BMSNA4/T	29,00 €	40,00	1.160,00 €
m	Barrera BMSNA4/T curvada	34,00 €	15,00	510,00 €
m	Poste galvanizado tubular 120x55 mm para barrera seguridade	18,00 €	50,00	900,00 €
m	Poste galvanizado tubular 120x55 mm para barrera seguridade/incluído palanca de anclaxe, pernos e parafusos	22,50 €	10,00	225,00 €
ud	Terminal normal de barrera dobre onda	40,00 €	12,00	480,00 €
ud	Conector de barrera de seguridade	2,90 €	50,00	145,00 €
ud	Separador	3,85 €	50,00	192,50 €
ud	Captafaro catadrioptico en barrera	1,50 €	50,00	75,00 €
ud	Parafusos para barrera	0,30 €	100,00	30,00 €
m	SPM-ES4	35,00 €	12,00	420,00 €
ud	Terminal de SPM tipo SPM-ES4	50,00 €	2,00	100,00 €
ud	Abatimento corto 4 m	263,00 €	10,00	2.630,00 €
ud	Abatimento 8 m postes h=1,5 m	375,00 €	3,00	1.125,00 €
ud	Sinal circular D=60 cm RA2 sen poste	63,20 €	8,00	505,60 €
ud	Sinal circular D=90 cm RA2 sen poste	96,50 €	8,00	772,00 €
ud	Sinal triangular l=90 cm RA2 sen poste	72,00 €	8,00	576,00 €
ud	Sinal triangular l=135 cm RA2 sen poste	105,00 €	8,00	840,00 €



ud	Sinal octogonal 60 cm RA2 sen poste	63,59 €	8,00	508,72 €
ud	Sinal octogonal 90 cm RA2 sen poste	97,00 €	8,00	776,00 €
ud	Sinal cadrada l=60 cm RA2 sen poste	66,40 €	8,00	531,20 €
ud	Sinal cadrada l=90 cm RA2 sen poste	96,00 €	8,00	768,00 €
ud	Sinal rectangular 60x90 cm RA2 sen poste	75,00 €	8,00	600,00 €
ud	Sinal rectangular 90x135 cm RA2 sen poste	120,50 €	8,00	964,00 €
m ²	Cartel informativa y orientación chapa RA2	205,00 €	5,00	1.025,00 €
m	Poste galvanizado 80x40x3	12,94 €	80,00	1.035,20 €
m	Poste galvanizado 100x50x3	16,80 €	25,00	420,00 €
ud	Baliza flexible nivel II 750 mm	40,00 €	10,00	400,00 €
ud	Captafaro 2 caras	5,20 €	50,00	260,00 €
ud	Fito km 60x40 cm	60,00 €	10,00	600,00 €
ud	Panel direccional 80x40 cm RA2	60,00 €	10,00	600,00 €
ud	Panel direccional 165x45 cm RA2	80,00 €	10,00	800,00 €
ud	Espello 60 cm	90,00 €	5,00	450,00 €
ud	Espello 80 cm	120,00 €	5,00	600,00 €
m	Bordillo coronación B3	7,96 €	15,00	119,40 €
m	Caz R-50 prefabricado	16,36 €	5,00	81,80 €
ud	Cerco y tapa con bisagra 40x40 cm	56,84 €	3,00	170,52 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 ø60	81,75 €	10,00	817,50 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 40x40	39,70 €	5,00	198,50 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 50x50	57,85 €	5,00	289,25 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 60x60	95,25 €	5,00	476,25 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 80x80	132,00 €	5,00	660,00 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada B125 40x40	15,30 €	5,00	76,50 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada B125 50x50	31,69 €	5,00	158,45 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada B125 60x60	38,65 €	5,00	193,25 €



ud	Tapa de fundición dúctil reforzada B125 80x80	92,35 €	5,00	461,75 €
m ²	Rexilla con fondo, cerco e contracerco de chapa de aceiro	31,00 €	12,00	372,00 €
m ²	Rexilla electrosoldable abatible	75,00 €	8,00	600,00 €
ud	Arqueta prefabricada 50x50x50 cm	55,00 €	2,00	110,00 €
ud	Arqueta prefabricada 75x75x105 cm	120,00 €	2,00	240,00 €
ud	Sumidoiro HM.-20 45x30x50 con rejilla	90,17 €	4,00	360,68 €
Ud	Rexilla para sumidoiro 53x31	17,00 €	10,00	170,00 €
ud	Rexilla para sumidoiro 62x39	31,00 €	10,00	310,00 €
m ²	Fábrica de ladrillo	23,48 €	8,00	187,84 €
kg	Aceiro B 500 S	1,70 €	100,00	170,00 €
m ²	Mallazo 15/15/6	4,38 €	150,00	657,00 €
m	Barandilla metálica galvanizada 80x40x1,5 mm	90,00 €	15,00	1.350,00 €
m	Bordillo formigón A-1	8,44 €	6,00	50,64 €
m	Bordillo formigón C-9	9,36 €	6,00	56,16 €
m ²	Pavimento baldosa 30x30x4 cm	13,27 €	50,00	663,50 €
m ²	Pavimento baldosa 40x40x5 cm	23,24 €	25,00	581,00 €
l	Limpador líquido desengrasante forma líquido verde, densidade 20°C 1,1 g/ml aproximadamente, pH (conc.)>12, pH (1%) = 11 aproximadamente, tipo Florin 700 o similar	11,63 €	200,00	2.326,00 €
kg	Atapulgita calcinada	4,50 €	450,00	2.025,00 €
kg	Cemento CEM II/B-P 32,5 R granel	0,11 €	1000,00	110,00 €
ud	Separador S4.5/100	48,40 €	10,00	484,00 €
t	Mestura bituminosa en frío tipo AF-20 ó AF-12 en bacheos, incluída emulsión asfáltica modificada, puesto en obra, en cantidade <5 Tn	80,00 €	100,00	8.000,00 €
t	Mestura asfáltica perdurable, fabricada a 140°C y de aplicación en frío, aditivada para poder almacenala e envasada en bigbag.	500,00 €	8,00	4.000,00 €
t	Sal mariña natural con contido en cloruro sódico superior ó 98%, cribada, de granulometría media, segundo EN 16811-1	95,00 €	80,00	7.600,00 €
	TOTAL			117.576,97 €
	21% I.V.E.			24.691,16 €
	TOTAL (co I.V.E.)			142.268,13 €



Lote 2.- Zona Norte: UTE Aricur- Otero Forestal Nortemar (U-01846948)

Importe sen IVE	201.563,84 €
IVE (21%)	42.328,41 €
Importe total ofertado	243.892,25 €

E polos seguintes prezos unitarios:

Ud.	DESCRIPCIÓN	Prezo unit sen IVE	Med	Total sen IVE
H	Máquina retroexcavadora mixta c/ accesorios (martelo, etc.) 70 CV, incluído Sinalista	33,94 €	1000	33.937,50 €
H	Máquina motoniveladora de 125 CV	63,35 €	10	633,50 €
H	Camión 3x2/3x3 PMA 24/26 t	40,72 €	1000	40.725,00 €
H	Camión 2x1/2x2 PMA 18/20 t	36,20 €	600	21.720,00 €
H	Camión góndola de 40 t	72,40 €	10	724,00 €
H	Camión grúa incluída cucharas para carga de terras, 2x1/2x2 MA 18/20 t	47,51 €	100	4.751,25 €
Día	Máquina miniretroexcavadora c/ accesorios varredora, cazo, martelo, etc.)	135,75 €	5	678,75 €
ud	Bote 25 kg aglomerado asfáltico en frío envasado emulsión ECM1 y árido 3-8 mm	9,95 €	400	3.982,00 €
tn	Emulsión asfáltica ECM-1 / C 67 BF 4	461,06 €	30	13.831,84 €
tn	Emulsión asfáltica ECR-2 / C 65 B 3	407,35 €	40	16.293,98 €
tn	Árido 0/6 AF-T-0/4-G	11,22 €	50	561,10 €
tn	Árido 2/6 ou 6/12 AG-T-2/5, 6-G; AG-T-4/10-G	11,96 €	200	2.392,82 €
tn	Zahorra ZA-0/10 TU-T-0/40-G	7,48 €	100	747,53 €
m3	Formigón H-200 (HA/20/B20/11A)	64,64 €	30	1.939,05 €
m	Tubería PVC dobre pared SN-4 D=315 mm	22,62 €	10	226,25 €
m	Tubería PVC compacto SN-4 D=315 mm	27,15 €	10	271,50 €
m	Tubería PVC dobre pared SN-4 D=400 mm	31,67 €	10	316,75 €
m	Tubería PVC compacto SN-4 D=400 mm	44,34 €	10	443,45 €
m	Caño formigón campaña D=40 cm	14,03 €	10	140,27 €
m	Caño formigón campaña D=50 cm	17,19 €	10	171,95 €
m	Caño formigón campaña D=60 cm	19,00 €	10	190,05 €
m	Caño formigón reforzado D=100 cm	32,58 €	10	325,80 €
m	Barrera BMSNA4/T	26,24 €	50	1.312,25 €
m	Barrera BMSNA4/T curvada	30,77 €	15	461,55 €



m	Poste galvanizado tubular 120x55 mm para barrera seguridade	16,29 €	50	814,50 €
m	Poste galvanizado tubular 120x55 mm para barrera seguridade/incluído palanca de anclaxe, pernos e parafusos	20,36 €	10	203,62 €
ud	Terminal normal de barrera dobre onda	36,20 €	12	434,40 €
ud	Conector de barrera de seguridade	2,62 €	50	131,22 €
ud	Separador	3,48 €	50	174,21 €
ud	Captafaro catadrioptico en barrera	1,36 €	50	67,87 €
ud	Parafusos para barrera	0,27 €	100	27,15 €
m	SPM-ES4	31,67 €	12	380,10 €
ud	Terminal de SPM tipo SPM-ES4	45,25 €	2	90,50 €
ud	Abatimento corto 4 m	238,01 €	12	2.856,18 €
ud	Abatimento 8 m postes h=1,5 m	339,37 €	3	1.018,12 €
ud	Sinal circular D=60 cm RA2 sen poste	57,20 €	10	571,96 €
ud	Sinal circular D=90 cm RA2 sen poste	87,33 €	10	873,32 €
ud	Sinal triangular l=90 cm RA2 sen poste	65,16 €	10	651,60 €
ud	Sinal triangular l=135 cm RA2 sen poste	95,02 €	10	950,25 €
ud	Sinal octogonal 60 cm RA2 sen poste	57,55 €	10	575,49 €
ud	Sinal octogonal 90 cm RA2 sen poste	87,78 €	10	877,85 €
ud	Sinal cadrada l=60 cm RA2 sen poste	60,09 €	10	600,92 €
ud	Sinal cadrada l=90 cm RA2 sen poste	86,88 €	10	868,80 €
ud	Sinal rectangular 60x90 cm RA2 sen poste	67,87 €	10	678,75 €
ud	Sinal rectangular 90x135 cm RA2 sen poste	109,05 €	10	1.090,52 €
m ²	Cartel informativa y orientación chapa RA2	185,52 €	5	927,62 €
m	Poste galvanizado 80x40x3	11,71 €	100	1.171,07 €
m	Poste galvanizado 100x50x3	15,20 €	25	380,10 €
ud	Baliza flexible nivel II 750 mm	36,20 €	10	362,00 €
ud	Captafaro 2 caras	4,71 €	50	235,30 €
ud	Fito km 60x40 cm	54,30 €	10	543,00 €
ud	Panel direccional 80x40 cm RA2	54,30 €	10	543,00 €
ud	Panel direccional 165x45 cm RA2	72,40 €	10	724,00 €
ud	Espello 60 cm	81,45 €	5	407,25 €
ud	Espello 80 cm	108,60 €	5	543,00 €
m	Bordillo coronación B3	7,20 €	15	108,06 €



m	Caz R-50 prefabricado	14,81 €	5	74,03 €
ud	Cerco y tapa con bisagra 40x40 cm	51,44 €	3	154,32 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 ø60	73,98 €	12	887,80 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 40x40	35,93 €	6	215,57 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 50x50	52,35 €	6	314,13 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 60x60	86,20 €	6	517,21 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 80x80	119,46 €	6	716,76 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada B125 40x40	13,85 €	6	83,08 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada B125 50x50	28,68 €	6	172,08 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada B125 60x60	34,98 €	6	209,87 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada B125 80x80	83,58 €	6	501,46 €
m²	Rexilla con fondo, cerco e contracerco de chapa de aceiro	28,05 €	12	336,66 €
m²	Rexilla electrosoldable abatible	67,87 €	8	543,00 €
ud	Arqueta prefabricada 50x50x50 cm	49,77 €	2	99,55 €
ud	Arqueta prefabricada 75x75x105 cm	108,60 €	2	217,20 €
ud	Sumidoiro HM.-20 45x30x50 con rexilla	81,60 €	4	326,42 €
Ud	Rexilla para sumidoiro 53x31	15,38 €	10	153,85 €
ud	Rexilla para sumidoiro 62x39	28,05 €	10	280,55 €
m²	Fábrica de ladrillo	21,25 €	8	170,00 €
kg	Aceiro B 500 S	1,54 €	100	153,85 €
m²	Mallazo 15/15/6	3,96 €	200	792,78 €
m	Barandilla metálica galvanizada 80x40x1,5 mm	81,45 €	15	1.221,75 €
m	Bordillo formigón A-1	7,64 €	6	45,83 €
m	Bordillo formigón C-9	8,47 €	6	50,82 €
m²	Pavimento baldosa 30x30x4 cm	12,01 €	50	600,47 €
m²	Pavimento baldosa 40x40x5 cm	21,03 €	25	525,80 €
l	Limpador líquido desengrasante forma líquido verde, densidade 20°C 1,1 g/ml aproximadamente, pH (conc.)>12, pH (1%) = 11 aproximadamente, tipo Florin 700 o similar	10,53 €	200	2.105,03 €
kg	Atapulgita calcinada	4,07 €	1200	4.887,00 €
kg	Cemento CEM II/B-P 32,5 R granel	0,10 €	1000	99,55 €
ud	Separador S4.5/100	43,80 €	10	438,02 €



t	Mestura bituminosa en frío tipo AF-20 ó AF-12 en bacheos, incluída emulsión asfáltica modificada, posto en obra, en cantidade <5 Tn	72,40 €	80	5.792,00 €
t	Mestura asfáltica perdurable, fabricada a 140°C y de aplicación en frío, aditivada para poder almacenala e envasada en bigbag.	452,50 €	8	3.620,00 €
t	Sal mariña natural con contido en cloruro sódico superior ó 98%, cribada, de granulometría media, segundo EN 16811-1	85,97 €	100	8.597,50 €
	TOTAL			201.563,84 €
	21% I.V.E.			42.328,41 €
	TOTAL (co I.V.E.)			243.892,25 €

Lote N° 3: Zona Sur: COVSA (A-36008886)

Importe sen IVE	115.751,97 €
IVE (21%)	24.307,91 €
Importe total ofertado	140.059,88 €

E polos seguintes prezos unitarios:

Ud	DESCRIPCION	Prezo unit sen IVE	Medición	Importe sen IVE
Grupo I: SUMINISTRO DE MAQUINARIA CON CONDUCTOR				
H	Máquina retroexcavadora mixta c/ accesorios (martelo, etc.) 70 CV, incluído sinalista	37,50 €	350,00	13.125,00 €
H	Máquina motoniveladora de 125 CV	70,00 €	10,00	700,00 €
H	Camión 3x2/3x3 PMA 24/26 t	45,00 €	225,00	10.125,00 €
H	Camión 2x1/2x2 PMA 18/20 t	40,00 €	225,00	9.000,00 €
H	Camión góndola de 40 t	80,00 €	10,00	800,00 €
H	Camión grúa incluída cucharas para carga de terras, 2x1/2x2 MA 18/20 t	52,50 €	270,00	14.175,00 €
Grupo II: SUMINISTRO DE MAQUINARIA SIN CONDUCTOR				
Día	Máquina miniretroexcavadora c/accesorios (varredora, cazo, martelo, etc.)	150,00 €	5,00	750,00 €
Grupo III: SUMINISTRO DE MATERIALES				
ud	Bote 25 kg aglomerado asfáltico en frío envasado emulsión ECM1 y árido 3-8 mm	11,00 €	80,00	880,00 €
tn	Emulsión asfáltica ECM-1 / C 67 BF 4	509,46 €	8,00	4.075,68 €
tn	Emulsión asfáltica ECR-2 / C 65 B 3	450,11 €	8,00	3.600,88 €
tn	Árido 0/6 AF-T-0/4-G	12,40 €	50,00	620,00 €
tn	Árido 2/6 ou 6/12 AG-T-2/5, 6-G; AG-T-4/10-G	13,22 €	100,00	1.322,00 €



tn	Zahorra ZA-0/10 TU-T-0/40-G	8,26 €	50,00	413,00 €
m3	Formigón H-200 (HA/20/B20/11A)	71,42 €	10,00	714,20 €
m	Tubería PVC dobre parede SN-4 D=315 mm	25,00 €	10,00	250,00 €
m	Tubería PVC compacto SN-4 D=315 mm	30,00 €	10,00	300,00 €
m	Tubería PVC dobre parede SN-4 D=400 mm	35,00 €	10,00	350,00 €
m	Tubería PVC compacto SN-4 D=400 mm	49,00 €	10,00	490,00 €
m	Caño formigón campaña D=40 cm	15,50 €	10,00	155,00 €
m	Caño formigón campaña D=50 cm	19,00 €	10,00	190,00 €
m	Caño formigón campaña D=60 cm	21,00 €	10,00	210,00 €
m	Caño formigón reforzado D=100 cm	36,00 €	5,00	180,00 €
m	Barrera BMSNA4/T	29,00 €	40,00	1.160,00 €
m	Barrera BMSNA4/T curvada	34,00 €	15,00	510,00 €
m	Poste galvanizado tubular 120x55 mm para barrera seguridade	18,00 €	50,00	900,00 €
m	Poste galvanizado tubular 120x55 mm para barrera seguridade/incluído planca de anclaxe, pernos e parafusos	22,50 €	10,00	225,00 €
ud	Terminal normal de barrera dobre onda	40,00 €	12,00	480,00 €
ud	Conector de barrera de seguridade	2,90 €	50,00	145,00 €
ud	Separador	3,85 €	50,00	192,50 €
ud	Captafaro catadrióptico en barrera	1,50 €	50,00	75,00 €
ud	Parafusos para barrera	0,30 €	100,00	30,00 €
m	SPM-ES4	35,00 €	12,00	420,00 €
ud	Terminal de SPM tipo SPM-ES4	50,00 €	2,00	100,00 €
ud	Abatimento corto 4 m	263,00 €	10,00	2.630,00 €
ud	Abatimento 8 m postes h=1,5 m	375,00 €	3,00	1.125,00 €
ud	Sinal circular D=60 cm RA2 sen poste	63,20 €	8,00	505,60 €
ud	Sinal circular D=90 cm RA2 sen poste	96,50 €	8,00	772,00 €
ud	Sinal triangular l=90 cm RA2 sen poste	72,00 €	8,00	576,00 €
ud	Sinal triangular l=135 cm RA2 sen poste	105,00 €	8,00	840,00 €
ud	Sinal octogonal 60 cm RA2 sen poste	63,59 €	8,00	508,72 €
ud	Sinal octogonal 90 cm RA2 sen poste	97,00 €	8,00	776,00 €
ud	Sinal cadrada l=60 cm RA2 sen poste	66,40 €	8,00	531,20 €
ud	Sinal cadrada l=90 cm RA2 sen poste	96,00 €	8,00	768,00 €
ud	Sinal rectangular 60x90 cm RA2 sen poste	75,00 €	8,00	600,00 €



ud	Sinal rectangular 90x135 cm RA2 sen poste	120,50 €	8,00	964,00 €
m ²	Cartel informativa y orientación chapa RA2	205,00 €	5,00	1.025,00 €
m	Poste galvanizado 80x40x3	12,94 €	80,00	1.035,20 €
m	Poste galvanizado 100x50x3	16,80 €	25,00	420,00 €
ud	Baliza flexible nivel II 750 mm	40,00 €	10,00	400,00 €
ud	Captafaro 2 caras	5,20 €	50,00	260,00 €
ud	Fito km 60x40 cm	60,00 €	10,00	600,00 €
ud	Panel direccional 80x40 cm RA2	60,00 €	10,00	600,00 €
ud	Panel direccional 165x45 cm RA2	80,00 €	10,00	800,00 €
ud	Espello 60 cm	90,00 €	5,00	450,00 €
ud	Espello 80 cm	120,00 €	5,00	600,00 €
m	Bordillo coronación B3	7,96 €	15,00	119,40 €
m	Caz R-50 prefabricado	16,36 €	5,00	81,80 €
ud	Cerco y tapa con bisagra 40x40 cm	56,84 €	3,00	170,52 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 ø60	81,75 €	10,00	817,50 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 40x40	39,70 €	5,00	198,50 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 50x50	57,85 €	5,00	289,25 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 60x60	95,25 €	5,00	476,25 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada D400 80x80	132,00 €	5,00	660,00 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada B125 40x40	15,30 €	5,00	76,50 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada B125 50x50	31,69 €	5,00	158,45 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada B125 60x60	38,65 €	5,00	193,25 €
ud	Tapa de fundición dúctil reforzada B125 80x80	92,35 €	5,00	461,75 €
m ²	Rexilla con fondo, cerco e contracerco de chapa de aceiro	31,00 €	12,00	372,00 €
m ²	Rexilla electrosoldable abatible	75,00 €	8,00	600,00 €
ud	Arqueta prefabricada 50x50x50 cm	55,00 €	2,00	110,00 €
ud	Arqueta prefabricada 75x75x105 cm	120,00 €	2,00	240,00 €
ud	Sumidoiro HM.-20 45x30x50 con rexilla	90,17 €	4,00	360,68 €
Ud	Rexilla para sumidoiro 53x31	17,00 €	10,00	170,00 €
ud	Rexilla para sumidoiro 62x39	31,00 €	10,00	310,00 €
m ²	Fábrica de ladrillo	23,48 €	8,00	187,84 €
kg	Aceiro B 500 S	1,70 €	100,00	170,00 €



m ²	Mallazo 15/15/6	4,38 €	150,00	657,00 €
m	Barandilla metálica galvanizada 80x40x1,5 mm	90,00 €	15,00	1.350,00 €
m	Bordillo formigón A-1	8,44 €	6,00	50,64 €
m	Bordillo formigón C-9	9,36 €	6,00	56,16 €
m ²	Pavimento baldosa 30x30x4 cm	13,27 €	50,00	663,50 €
m ²	Pavimento baldosa 40x40x5 cm	23,24 €	25,00	581,00 €
l	Limpador líquido desengrasante forma líquido verde, densidade 20°C 1,1 g/ml aproximadamente, pH (conc.)>12, pH (1%) = 11 aproximadamente, tipo Florin 700 o similar	11,63 €	200,00	2.326,00 €
kg	Atapulgita calcinada	4,50 €	400,00	1.800,00 €
kg	Cemento CEM II/B-P 32,5 R granel	0,11 €	1000,00	110,00 €
ud	Separador S4.5/100	48,40 €	10,00	484,00 €
t	Mestura bituminosa en frío tipo AF-20 ó AF-12 en bacheos, incluída emulsión asfáltica modificada, posto en obra, en cantidade <5 Tn	80,00 €	80,00	6.400,00 €
t	Mestura asfáltica perdurable, fabricada a 140°C y de aplicación en frío, aditivada para poder almacenala e envasada en bigbag.	500,00 €	8,00	4.000,00 €
t	Sal mariña natural con contido en cloruro sódico superior ó 98%, cribada, de granulometría media, segundo EN 16811-1	95,00 €	80,00	7.600,00 €
	TOTAL			115.751,97 €
	21% I.V.E.			24.307,91 €
	TOTAL (co I.V.E.)			140.059,88 €

O prazo de duración do contrato será de un ano a contar desde a data da formalización, prevéndose a posibilidade de unha prórroga.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022	456.4530.210.00	263.110,13€
2023	456.4530.210.00	263.110,13€
	Total	526.220,26€

O importe correspondente á anualidade 2023, quedará condicionada á aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:



Os pagos á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación das correspondentes facturas e os seus albarás en función das necesidades do servizo de Infraestruturas e Vías provinciais, polo que o pago serán fraccionado en base as subministracións efectuadas e os traballos realizados.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2022030646	
Órgano xestor:	LA0006123	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato:

Responsable do contrato do LOTE 1:	CÉSAR PAREDES RODRÍGUEZ, Enxeñeiro Xefe de Sección Conservación e Explotación Zona Norte
Responsable do contrato do LOTE 2:	BELÉN PAMPÍN CAMINO, Enxeñeira Xefa de Sección Conservación e Explotación Zona Centro
Responsable do contrato do LOTE 3:	MARIA ELENA PÉREZ ALONSO, Enxeñeira Xefa de Sección Conservación e Explotación Zona Sur

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

9.32129.- ADMISIÓN DE EMPRESAS CANDIDATAS NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS. (Expte. 2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de xullo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarao ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

A Mesa de Contratación, na reunión celebrada día 18 de agosto 2022, procedeu á avaliación das candidaturas presentadas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes, que foron as seguintes:

- GRAFICAS EUJOA, S.A. (CIF: A33032780)
- MARE NOSTRUM SERVICIOS GRÁFICOS, S.L. (CIF: B96472469)
- TAKTIKA COMUNICACION S.L. (CIF: B36852846)



Advertidos defectos na documentación achegada por todas as empresas candidatas, a Mesa facultou ao secretario para requirir-lles a emenda. O requirimento realizouse con data 30 de agosto do 2022, sendo emendada correctamente a documentación, co seguinte detalle:

- GRAFICAS EUJOA, S.A. (CIF: A33032780): Mediante Rexistro entrada WEB2022046849, do 30/08/2022 emenda certificados acreditativos de solvencia técnica.
- MARE NOSTRUM SERVICIOS GRÁFICOS, S.L. (CIF: B96472469): Mediante Rexistro entrada WEB2022046943, do 30/08/2022 emenda solicitude de adhesión Anexo I.
- TAKTIKA COMUNICACION S.L. (CIF: B36852846): Mediante Rexistro entrada WEB2022047740, do 02/09/2022 emenda certificados acreditativos de solvencia técnica.

Tendo en conta o exposto, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 8 de setembro de 2022 acordou seleccionar ás empresas GRAFICAS EUJOA, S.A. (CIF: A33032780), MARE NOSTRUM SERVICIOS GRÁFICOS, S.L. (CIF: B96472469) e TAKTIKA COMUNICACION S.L. (CIF: B36852846), por ter acreditado que cumpren cos criterios de selección establecido no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión das mesmas nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.

Así mesmo, a Mesa de Contratación, na citada reunión do día 8 de setembro de 2022 tamén procedeu á avaliación das candidaturas presentadas durante o mes de agosto de 2022 e que foron as seguintes:

- Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), data presentación: 18/08/2022.
- PRODUCCIONES MIC S.L. (NIF: B24301871), data presentación: 23/08/2022.

Unha vez analizadas as solicitudes de adhesión das citadas empresas a Mesa de Contratación na mesma reunión, acordou seleccionar á empresa PRODUCCIONES MIC S.L. (NIF: B24301871) que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma nas categorías I e II do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros. Asemade, advertidos defectos na documentación achegada pola empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), a Mesa facultou ao secretario para requirir-lles a emenda.

O requirimento realizouse con data 12 de setembro do 2022 e a empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) presenta a documentación mediante rexistro entrada WEB2022049181 de data 13/09/2022.

A Mesa de Contratación, na reunión celebrada o 16 de setembro de 2022 acorda que a empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) non cumpre cos criterios de selección establecidos no prego polo que lle propón ao órgano de contratación que non se admita no Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.



Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Non admitir á empresa Artes Gráficas Jafel, S.L. (NIF: B36891703) por non cumprir cos criterios de selección establecidos no prego.
2. Admitir ás empresas que se relacionan nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material:
 - Categoría I: Principal: Servizos de impresión e servizos conexos 79800000-2
Servizos de encuadernación y acabado de libros 79971000-1:
 - GRAFICAS EUJOA, S.A. (CIF: A33032780)
 - MARE NOSTRUM SERVICIOS GRÁFICOS, S.L. (CIF: B96472469)
 - TAKTIKA COMUNICACION S.L. (CIF:B36852846)
 - PRODUCCIONES MIC S.L. (NIF: B24301871)
 - Categoría II: Principal: Servizos de impresión e distribución 79824000-6
Servizos de encuadernación y acabado de libros 79971000-1:
 - GRAFICAS EUJOA, S.A. (CIF: A33032780)
 - MARE NOSTRUM SERVICIOS GRÁFICOS, S.L. (CIF: B96472469)
 - TAKTIKA COMUNICACION S.L. (CIF:B36852846)
 - PRODUCCIONES MIC S.L. (NIF: B24301871)
3. As empresas admitidas deberán formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.
Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle ás empresas seleccionadas para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.
4. O inicio do SDA comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicado este acordo no perfil de contratante e formalizados os contratos de adhesión.
A data de comezo indicárase no documento de formalización e ata o 31 de decembro de 2023.
Establécese a posibilidade de dúas prórroga cunha duración dun ano.



10.32130.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DA PLATAFORMA DE COMERCIO INTELIXENTE DE PONTEVEDRA E AS SÚAS VERTICAIS, DENTRO DOS PROXECTOS “COMMERCE INSIDE” E “DA TÚA MAN” ENMARCADOS NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADOS POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION. (Expte. 2022035109)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 3 de xuño de 2022, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, trámite de urxencia, da “*implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 17 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 17 de setembro de 2021, aparecendo publicado o día 3 de xuño de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 109-307135), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de xuño de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23 de xuño de 2022, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local e do Servizo de Turismo Rías Baixas.

Recibido informe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local e do Servizo de Turismo Rías Baixas en colaboración co Servizo de Novas Tecnoloxías, de data 2 de agosto de 2022 (CSV: EET534K4QF93Y8RL), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 4 de agosto de 2022, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.



Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, as propostas da UTE PROXYA SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. (NIF: B-90.361.312) - VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A-80.907.397) e da UTE SEYS MEDIOAMBIENTE, S.L. (NIF: B-86.193.927)- PROCONSI, S.L. (NIF: B-24.208.100) - BOSONIT, S.L. (NIF: B-26.527.523) presentan valores anormais ou desproporcionados nas súas ofertas, polo que se lles require xustificación.

Achegada a documentación requirida, os Servizos de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, o Servizo de Turismo Rías Baixas e o Servizo de Novas Tecnoloxías, mediante informes conxuntos de data 22 de agosto de 2022 (CSV: 50B76PJN2EDED9B9 e 5J1KAQAJ9DQ2TV1O), consideran que as xustificacións presentadas polas empresas fundamentan de forma correcta as súas ofertas económicas, polo que propuxo á Mesa de Contratación que foran admitidas.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 1 de setembro de 2022, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión da seguinte empresa do procedemento seguido para a adxudicación do presente contrato, polos motivos que se relacionan:

Empresa	Motivo de exclusión:
UTE CIBERNOS CONSULTING S.A (NIF: A-46.354.429) - INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L. (NIF: B-82.342.221)-CIBERNOS SISTEMAS S.L. (NIF: B-03.243.110)	<i>Por non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima (40 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas, de conformidade co establecido na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares</i>

No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa UTE PROXYA SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. (NIF: B-90.361.312) - VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A-80.907.397), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2022006350, de 7 de setembro de 2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á UTE PROXYA SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. (NIF: B-90.361.312) - VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A-80.907.397), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A UTE PROXYA SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. (NIF: B-90.361.312) - VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A-80.907.397) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB WEB2022049538, de data 15/09/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no



requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 39.113,88 € (cartas de pago núm. operación 202200181853 e 202200181854 , do 15/09/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á UTE CIBERNOS CONSULTING S.A (NIF: A-46.354.429) - INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L. (NIF: B-82.342.221) - CIBERNOS SISTEMAS S.L. (NIF: B-03.243.110), que obtén 5 puntos na valoración do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, por non alcanzar a puntuación mínima de 20 puntos esixida neste sobre para continuar no procedemento, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego administrativo.

2.- Adxudicar o contrato para a *“implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation”* á UTE PROXYA SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. (NIF: B-90.361.312) - VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A-80.907.397) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo ofertado total:

	IMPLANTACIÓN	MANTEMENTO
Importe sen o IVE:	782.263,76 €	0,00 €
IVE (21 %):	164.275,39 €	0,00 €
Importe total ofertado:	946.539,15 €	0,00 €



Outros criterios ofertados:

- Nº de horas ofertadas pola empresa para desenvolvementos evolutivos durante o período de mantemento: 3600 h.
- Nº de puntos de acceso (AP) adicionais a maiores do mínimo establecido no PPT: 5 puntos.
- A empresa licitadora oferta un Servizo help desk con dispoñibilidade 8x7.
- A empresa licitadora inclúe inglés nos interfaces de usuario.

Prazo de duración:

O prazo máximo de duración destes traballos será de 4 anos contados a partir da data de formalización do contrato.

En todo caso, os traballos de implantación deberán estar executados antes das seguintes datas:

	DATA LÍMITE
PORTAL WEB	31/10/2022
APLICACIÓN MÓBIL	31/10/2022
XESTIÓN CONTIDOS ZONAS COMERCIALES	31/10/2022
RECOLLIDA PEDIDOS DE FORMA COLABORATIVA	01/12/2022
INTELIXENCIA COMERCIAL	01/12/2022
TOTEMS	01/12/2022
PUNTOS DE RECOLLIDA INTELIXENTES	01/12/2022
CONECTIVIDADE WIFI	01/12/2022
PLATAFORMA	15/12/2022

No suposto de que o ministerio de Industria, Comercio e Turismo conceda prórrogas no marco da convocatoria dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa Man” presentados pola Deputación de Pontevedra, poderá ampliarse a data límite prevista para a execución dos traballos do contrato.

O prazo de implantación dos elementos obxecto da licitación finaliza coa aceptación por parte da Deputación de Pontevedra da entrega e posta en marcha de cada un dos elementos, prestación e documentos asociados coa sinatura da acta de recepción.

A prestación do servizo de mantemento descrito no prego de prescricións técnicas dará comezo desde a sinatura da acta de recepción.

Tempo e lugar de entrega (subministracións):

Os tótems, os puntos de recollida intelixentes e os puntos de acceso wifi serán entregados, antes das datas sinaladas en cada un dos concellos indicados no anexo I do PPT.



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022-Implantación-Turismo	22/433.4314.641.00 ou na súa vinculación xurídica	149.453,55 €
2022-Implantación-Turismo	22/433.4314.652.99 ou na súa vinculación xurídica	282.301,15 €
2022-Implantación -Turismo	22/433.4314.626.01 ou na súa vinculación xurídica	149.453,55 €
2022-Implantación -Emprego	22/240.4314.641.00 ou na súa vinculación xurídica	199.271,40 €
2022-Implantación -Emprego	22/240.4314.652.99 ou na súa vinculación xurídica	166.059,50 €
2022-Mantemento-Turismo	22/433.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	0,00 €
2023-Mantemento-Turismo	23/433.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	0,00 €
2024-Mantemento-Turismo	24/433.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	0,00 €
2025-Mantemento-Turismo	25/433.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	0,00 €
2026-Mantemento-Turismo	26/433.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	0,00 €
2022-Mantemento-Emprego	22/240.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	0,00 €
2023-Mantemento-Emprego	23/240.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	0,00 €
2024-Mantemento-Emprego	24/240.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	0,00 €
2025-Mantemento-Emprego	25/240.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	0,00 €
2026-Mantemento-Emprego	26/240.4314.227.99 ou na súa vinculación xurídica	0,00 €

Os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2023, 2024, 2025 e 2026 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

Os pagos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas polo que o pago realizarase fraccionado en función dos traballos efectivamente prestados. Deberanse presentar as facturas por cada proxecto.

As facturas deberán ser presentadas unha vez que a empresa adxudicataria presente os entregables correspondentes aos servizos de Turismo e Promoción de emprego e, no caso dos compoñentes a instalar nos concellos, a acta de recepción debidamente firmada polo persoal do concello ou técnico da Deputación para a súa conformidade.



O pago efectuarase a medida que se vaia implantando a solución e co mantemento do sistema, tal e como se recolle a continuación:

- a. Aboarase o importe correspondente á implantación conforme aos seguintes prezos e fitos que se deberán axustar ao porcentaxe de baixada ofertado.

Fito	Descrición	Orzamento sen IVE	IVE	Orzamento con IVE
1	Plataforma SaaS con todas as funcionalidades implementadas (<i>con todos os compoñentes instalados, funcionando e integrados</i>).	42.750,00 €	8.977,50 €	51.727,50 €
2	Portal web, funcionando correctamente.	49.875,00 €	10.473,75 €	60.348,75 €
3	Aplicación móbil totalmente operativa.	49.875,00 €	10.473,75 €	60.348,75 €
4	Módulo de xestión de contidos de zonas comerciais, totalmente operativo e coa carga realizada.	99.750,00 €	20.947,50 €	120.697,50 €
5	Módulo de recollida pedidos de forma colaborativa, totalmente operativo.	14.250,00 €	2.992,50 €	17.242,50 €
6	Módulo de intelixencia comercial, con cadro de mando totalmente operativo e informes presentados e validados.	85.500,00 €	17.955,00 €	103.455,00 €
7	Todos os tótems instalados, configurados e operativos.	327.750,00 €	68.827,50 €	396.577,50 €
8	Todos os puntos de recollida intelixente instalados, configurados e operativos	57.000,00 €	11.970,00 €	68.970,00 €
9	Todos os puntos de acceso wifi instalados, configurados e operativos.	128.250,00 €	26.932,50 €	155.182,50 €

- b. Aboarase o importe correspondente ao mantemento mensualmente. Realizarase o pago á finalización de cada mes durante o período de mantemento. O importe das facturas mensuais será o resultante de dividir o prezo ofertado pola empresa licitadora para o mantemento entre 45 (número de meses estimados para o mantemento).

No prezo do contrato considéranse incluídos os tributos, taxas e canóns de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento dos deberes contemplados no prego.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2022035109	
Órgano xestor:	LA0007802	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135
	LA0006122				

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Ruth González Reyes, xefa de servizo de Turismo Rías Baixas e Manuel Corujo Castro, xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local ou persoas nas que deleguen.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de 10 días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

11.32131.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE DESEÑO, SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME ALUGUER E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS LUMÍNICOS ORNAMENTAIS PARA A CAMPAÑA DE NADAL EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2022024852)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 05 de agosto de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Deseño, subministro en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra”, cos seguintes lotes:

Número	Denominación
Lote 1	Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo
Lote 2	Palacete das Mendoza, Castelo de Soutomaior e Castelo de Sobroso
Lote 3	Centro Infantil, Centro infanto-xuvenil Escola Fogar, Centro infanto-xuvenil Agarimo, acceso e avenida principal do CIPF



O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 11/08/2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 08/09/2022, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas as seguintes:

- GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL(CIF: B36820330)
- CREACIONES LUMINOSAS SL (CIF: B36351484)

A continuación, a Mesa de Contratación, na mesma sesión, procede á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Os valores ofertados para cada un dos lotes polas empresas admitidas constan no certificado da mesa de contratación do día 08/09/2022 con csv: SPCBOLUGB8GF2C4R.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre B correspondente aos criterios de valoración automática de conformidade co indicado nos pregos as puntuacións obtidas son as seguintes:

Lote 1

	Geno Decoraciones y Montajes SL (Cif: B36820330)	Creaciones Luminosas SL (Cif: B36351484)
SOBRE B Lote 1		
1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 80 puntos.	26,80 puntos	4,714 puntos
2. Redución do prazo máximo de instalación, ata un máximo de 20 puntos.	20 puntos	5 puntos
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 100 puntos)	46,80 puntos	9,714 puntos

Lote 2

	Geno Decoraciones y Montajes SL (Cif: B36820330)	Creaciones Luminosas SL (Cif: B36351484)
SOBRE B Lote 2		
1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 80 puntos.	23,728 puntos	4,702 puntos
2. Redución do prazo máximo de instalación, ata un máximo de 20 puntos.	20 puntos	5 puntos
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 100 puntos)	43,728 puntos	9,702 puntos



Lote 3

	Geno Decoraciones y Montajes SL (Cif: B36820330)	Creaciones Luminosas SL (Cif: B36351484)
SOBRE B Lote 3		
1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 80 puntos.	23,728 puntos	4,702 puntos
2. Redución do prazo máximo de instalación, ata un máximo de 20 puntos.	20 puntos	5 puntos
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 100 puntos)	43,728 puntos	9,702 puntos

Mediante Resolución Presidencial número RP2022006588, de 19/09/2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL(CIF: B36820330), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL(CIF: B36820330) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2022049899 e WEB2022049979 de data 19/09/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 1.241,74 € (carta de pago núm. operación 202200183951) para o lote 1; polo importe de 2.834,94 € (carta de pago núm. operación 202200184025) para o lote 2, polo importe de 782,08 € (carta de pago núm. Operación 20220184051) para o lote 3.

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a),



que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de servizo “Deseño, subministro en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra ” á empresa GENO DECORACIONES Y MONTAJES SL(CIF: B36820330), polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte para cada un dos lotes:

1.- Prezo:

Lote 1.: Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo

Prezo sen IVE:	24.834,80 €
IVE (21%):	5.215,31 €
Prezo total:	30.050,11 €

Lote 2. : Palacete das Mendoza, Castelo de Soutomaior e Castelo de Sobroso

Prezo sen IVE:	56.698,78 €
IVE (21%):	11.906,74 €
Prezo total:	68.605,52 €

Lote 3.: Centro Infantil, Centro infanto-xuvenil Escola Fogar, Centro infanto-xuvenil Agarimo, acceso e avenida principal do CIPF

Prezo sen IVE:	15.641,60 €
IVE (21%):	3.284,74 €
Prezo total:	18.926,34 €

2.- Redución do prazo máximo de instalación en 15 días

A duración do contrato é 1 ano dende a data de formalización do contrato, coa posibilidade de 3 prórrogas dunha anualidade cada unha.

Cos seguintes prazos aproximados de execución, seguindo o establecido nos PPT's

Os prazos relacionados coa execución do contrato serán, aproximadamente, os seguintes:

- Período de presentación da memoria técnica: deberá ser presentada para a súa aprobación pola Deputación de Pontevedra nun prazo máximo dun mes dende a data de formalización do contrato para a primeira anualidade, para a súa aprobación pola Deputación de Pontevedra.

En caso de que a memoria técnica non cumpra coas expectativas, deberase modificar tendo en conta as correccións propostas pola persoa responsable do contrato, nun prazo máximo de 10 días dende a notificación das medidas correctivas. Este proceso realizarase todas as veces necesarias ata acadar o resultado desexado.



- Período de montaxe: a Deputación notificará o período dispoñible para a colocación dos elementos, que será no mes de novembro; sempre condicionada ás condicións meteorolóxicas e de coordinación da empresa adxudicataria coa Deputación. O acendido da iluminación estímase entre o día 1 e 4 do mes decembro, sempre condicionada á axenda institucional.
- Período de probas: unha semana antes do acendido oficial. A data notificarase á empresa adxudicataria.
- Período de acendido da iluminación: dende a data concretada pola Deputación de Pontevedra ata o 7 de xaneiro.
- Período de desmonte: dende o 10 ao 25 de xaneiro seguinte ao período de acendido.

Os horarios estipulados, que serán confirmados pola persoa responsable do contrato fixaranse para os días e horas estipulados en cada un dos PPT.

Todas as datas serán notificadas á empresa adxudicataria. En relación aos horario fixados neste prego, cómpre sinalar que poderán ser modificados polo responsable do contrato durante a duración do mesmo, previa notificación á empresa adxudicataria coa antelación suficiente.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2022 financiaranse con cargo á aplicacións orzamentarias 22/ 457.4500.22799 para o lote 1; 22/ 433.3363.22799 correspondente ao lote 2 e 22/ 232.2312.22799 correspondente ao lote 3, do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL

Fitos de facturación:

O pagamento a empresa/as efectuarase previa aprobación da correspondente factura ou facturas, tras a prestación dos servizos obxecto do presente contrato na correspondente anualidade, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Lote 1: Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede Vigo

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Nº de exp.:	2022024852		
Órgano xestor:	LA0006124	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote 2: Palacete das Mendoza, Castelo Soutomaior e Castelo de Sobroso

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2022024852		
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote 3: Centro Infantil, Centro infanto-xuvenil Escola Fogar, Centro infantil-xuvenil Agarimo, acceso e avenida principal do CIPF

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2022024852		
Órgano xestor:	LA0006112	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsables do contrato: María Carmen Gómez Manzano, Xefa do Servizo de Arquitectura; Ruth González Reyes, Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas e Patricia Pérez Fernández, Técnica do Centro Príncipe Felipe.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



12.32132.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS, CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA QUAVITAE, SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO ACORDO MARCO PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES”. (Expte. 2017018690) (Devogarán 2021025848)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 24 de novembro de 2017 (Núm. Rex. 2017022117, de data 04/12/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco para regular a contratación do “*Servizo de teleasistencia domiciliaria no Provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*” (Expte. 2017018690).

Para responder da realización deste servizo e da súa modificación, a empresa QUAVITAE, SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A. (CIF.- A-80.106.842), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación e da súa modificación, polos seguintes importes:

Empresa	Acordo Marco	Carta Pago	Data
QUAVITAE, SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A. (A-80106842)	17.000,00€	201700189626	15/11/2017
	Modificado	Carta Pago	Data
	2.097,00€	201900067117	11/04/2019

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude no cal se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao executar a empresa o programa con subxección ao prego de prescricións técnicas que rexe esta contratación na data de sinatura deste documento.

Resultando que no expediente figuran informes emitidos pola Intervención nos cales indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa QUAVITAE, SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do Acordo Marco convocado para regular a contratación do “*Servizo de teleasistencia domiciliaria no Provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*” (Expte. 2017018690), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola empresa *Quavita, Servicios Asistenciales, S.A.*, por resultar adxudicataria de dito Acordo Marco e da súa modificación e que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANKIA*, por importe de dezasete mil euros (17.000,00 €), para responder do Acordo Marco convocado para a contratación do “*Servizo de teleasistencia domiciliaria no Provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 15/11/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700189626.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANKIA*, por importe de dous mil noventa e sete euros (2.097,00 €), para responder da “*Modificación*” do Acordo Marco convocado para a contratación do “*Servizo de teleasistencia domiciliaria no Provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 11/04/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900067117.

13.32133.- CONCESIÓN DE SOLICITUDES DAS AXUDAS ECONÓMICAS POR ASISTENCIA Á FORMACIÓN DO PROXECTO “LABORA 2020” COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO DE ITINERARIOS FORMATIVOS INICIADOS EN XUÑO E XULLO 2022
(Expte.2020038225)

Resultando que o Pleno da Corporación provincial, na súa sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2018, adoptou, entre outros, o acordo número 11.7237, no que se aprobou o proxecto “*Labora 2020*” no marco da convocatoria de 2018 de axudas do Fondo Social Europeo (FSE), previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE) e cofinanciado nun 80 % polo FSE (Resolución de 23 de marzo de 2018 da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais).



Considerando que no artigo 8.b) da mencionada Resolución faise referencia, entre outros gastos subvencionables, á axuda económica ás persoas participantes nos itinerarios, que cubrirá os gastos de asistencia á formación, transporte, manutención, aloxamento e conciliación co coidado de familiares.

Resultando que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo (nº 3.28651) de aprobación das bases do programa de axudas económicas por asistencia á formación do proxecto “LABORA 2020” cofinanciado polo Fondo Social Europeo. Foron publicadas no BOPPO (nº44) do 5 de marzo do 2020 e que de acordo co punto primeiro das mencionadas bases a súa vixencia *“abrange desde o día seguinte á súa publicación ata a finalización do proxecto (...)”*.

Resultando que con data do 20 de setembro do 2021, a Xunta de Goberno adoptou, entre outros, o acordo nº 16.30791 de modificación das bases reguladoras da convocatoria de axudas económicas por asistencia á formación do proxecto “Labora 2020” cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Considerando que a convocatoria das citadas bases permanece aberta durante o período de vixencia do proxecto “Labora 2020”, de acordo ao disposto na base 4ª *“O prazo de presentación de solicitudes para a concesión da axuda será de quince días hábiles desde a incorporación da persoa participante á acción formativa.”*

Resultando que finalizado o prazo de presentación de solicitudes dos cursos iniciados en xuño e xullo de 2022, das 24 solicitudes presentadas en prazo, 19 reúnen as condicións establecidas nas bases do proxecto “Labora 2020” así como os requisitos esixidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, quedando 5 solicitudes excluídas.

Considerando que a instrución do procedemento se realizou de conformidade co previsto nas bases do citado programa e en concordancia co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

En virtude diso, vistas as solicitudes presentadas, visto o informe técnico do xefe do servizo de data 25 de agosto de 2022, vista a acta-informe da Comisión de valoración celebrada o 9 de setembro de 2022, vista a Resolución Presidencial nº 2022006454 de 13 de setembro de 2022 aprobando a proposta definitiva de persoas admitidas e excluídas da percepción das axudas económicas por asistencia á formación do proxecto “Labora 2020” cofinanciado polo Fondo Social Europeo dos itinerarios formativos iniciados en xuño e xullo de 2022.

Visto o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 13 de setembro de 2022 respecto da proposta de concesión de solicitudes das axudas económicas por asistencia á formación do Proxecto Labora 2020, dos itinerarios iniciados en xuño e xullo de 2022.



Vista a dilixencia de fiscalizado e conforme respecto da citada proposta de concesión destas axudas de data 16 de setembro de 2022.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e de conformidade co establecido nas bases do proxecto “Labora 2020”, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais lexislación concordante de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Conceder as axudas económicas por asistencia á formación do proxecto “Labora 2020” cofinanciado polo Fondo Social Europeo de itinerarios formativos iniciados en xuño e xullo de 2022 relacionadas no Anexo I.

Non obstante o anterior e de acordo co disposto nas base 10ª relativa a modificacións e reintegro de axudas “*Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión das axudas poderá dar lugar a modificacións da resolución de concesión, segundo se prevé no artigo 17.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).*”

As axudas concedidas deberán serlle devoltas ou reintegradas á Deputación de Pontevedra nos seguintes casos:

- a) Por superar o límite de ausencias do 10 % das horas totais de duración do itinerario.*
- b) Por obtelas falseando as condicións requiridas.*
- c) Por incumprir as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*
- d) Por abandono do itinerario formativo.*
- e) Nos demais casos previstos no réxime xurídico das subvencións.”*

2.- Desestimar as solicitudes presentadas á convocatoria por incorrer en unha ou varias causas de exclusión previstas na mesma relacionadas no Anexo II.

3.- Transcorrido o prazo de 10 días, contados desde o día seguinte á publicación no BOPPO e na Base de Datos Nacional, sen que se producise manifestación expresa da aceptación por parte das persoas beneficiarias entenderase tacitamente aceptada, de acordo co artigo 21.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

4.- Autorizar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/240.2426.481.01.2020 e 22/240.2426.481.01.2021 polo importe máximo de 15.669,25 € e comprometer o gasto para cada unha das persoas beneficiarias e na contía que se relaciona no Anexo I.

5.- Publicar o acordo no BOPPO, BBDDNN e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.



Ditos anexos son como seguen:

ANEXO I

RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS DAS AXUDAS POR ASISTENCIA Á FORMACIÓN DO PROXECTO “LABORA 2020” COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO SEGUNDO ITINERARIO FORMATIVO E INICIADOS EN XUÑO E XULLO 2022

- LIMPEZA DE SUPERFICIES E MOBILIARIO EN EDIFICIOS E LOCAIS IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE VIGO (CÓDIGO OP070 I006 E002):2019/006135

Número máximo de días de asistencia con dereito á axuda: 51

Cód. expediente	DNI/NIE	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Importe Máximo Axudas
2022042264	****5014**	BARRESE	DE MONTERO	LUISA ELENA	685,95 €
2022042000	****8420**	CARAMÉS	FERREIRA	LUZ	685,95 €
2022041993	****9758**	CASTRO	GIRÓN	DENIS ROVIN	685,95 €
2022042622	****1878**	DA SILVA		MARÍA BETANIA	685,95 €
2022042021	****6491**	FONTÁN	JUAN	ROSA MARÍA	685,95 €
2022042004	****7588**	FREITAS	TÁBOAS	VANESA	685,95 €
2022042256	****3617**	FRKA	DE BREA	MARÍA CRISTINA	685,95 €
2022042023	****5349**	GROBA	OUTERELO	JESUSA	685,95 €
2022042007	****4823**	LINS	EVANGELISTA	VEGNA CLEA	685,95 €
2022041978	****6817**	LÓPEZ	MIRANDA	LUZ JENNY	685,95 €
2022041991	****2713**	SILVA	BUXO	IVÁN	685,95 €
2022041985	****6534**	VEGA	GONZÁLEZ	CLARA	685,95 €
TOTAL					8.231,40 €

- SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE PONTEVEDRA (CÓDIGO OP070 I008 E002): 2019/006138

Número máximo de días de asistencia con dereito á axuda: 79

Cód. expediente	DNI/NIE	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Importe Máximo Axudas
2022046704	****8364**	ACUÑA	SEOANE	JESÚS	1.062,55 €
2022046738	****8254**	AMATRIA	BARRAL	ANA	1.062,55 €
2022046653	****8069**	BENAVENTE	CABALEIRO	IVÁN	1.062,55 €
2022046721	****6275**	GARCÍA	CALVAR	MARCOS	1.062,55 €
2022046734	****6476**	GARCÍA	GONZÁLEZ	YURENA	1.062,55 €
2022046724	****8189**	PÉREZ	LOMBA	BRAIS	1.062,55 €
2022046676	****8463**	SOUTO	EIRAS	ANA	1.062,55 €
TOTAL					7.437,85 €



ANEXO II

RELACIÓN DE PERSOAS EXCLUÍDAS DAS AXUDAS POR ASISTENCIA Á FORMACIÓN DO PROXECTO “LABORA 2020” COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO SEGUNDO ITINERARIO FORMATIVO E INICIADOS EN XUÑO E XULLO 2022

- LIMPEZA DE SUPERFICIES E MOBILIARIO EN EDIFICIOS E LOCAIS IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE VIGO (CÓDIGO OP070 I006 E002):2019/006135

CÓD. EXPEDIENTE	NIF/NIE	Motivo/s de exclusión
2022042250	****5337**	(3)
2022041997	****8715**	(3)

- SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS IMPARTIDO NA LOCALIDADE DE PONTEVEDRA (CÓDIGO OP070 I008 E002): 2019/006138

CÓD. EXPEDIENTE	NIF/NIE	Motivo/s de exclusión
2022046736	****2094**	(3)
2022046679	****8069**	(4)
2022046668	****0998**	(4)

*MOTIVOS DE EXCLUSIÓN:

- (1) Por non estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra no relativo á percepción de axudas públicas.
- (2) Por presentar a solicitude fóra do prazo ou non presentar a documentación requirida.
- (3) Por superar o límite de rendas individuais igual ou superior en cómputo mensual ao 75% do IPREM.
- (4) Por abandono do itinerario formativo.
- (5) Por incumprir as obrigas asumidas e as condicións fixadas nas bases.
- (6) Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- (7) Por superar o límite de ausencias do 10% das horas totais de duración do itinerario formativo.



14.32134.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2022059074)

Vista a relación de facturas con número 2022059074, que contén unha factura e por un importe de 248,05 € e con CSV: SML3BGJPUTFORTW9, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 15 de setembro de 2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	248,05 €
Descontos do IRPF	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	248,05 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

15.32135.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO 2º ANTICIPO DA FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE EN CONCEPTO DE “ESCOLAS DEPORTIVAS PROVINCIAIS DE PATINAXE”, APROBADA POR RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL Nº2022003396, DE DATA 04/05/2022 (Expte.2022028740)

Aprobada por Resolución Presidencial número 2022003396 de data 4 de maio de 2022 unha subvención nominativa a favor da *Escola Deportiva De Patinaxe* con NIF: G15070451 do concello de A Coruña, por un importe de 60.000,00 €, para “*Escolas Deportivas de Patinaxe*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.02, e xustificando o 1º anticipo por importe de 37.500,00 €, aprobado por Resolución Presidencial número 2022006445 de data 12 de setembro de 2022, recíbese escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022049449 con data 14/09/22 da citada Federación renunciando ao 2º anticipo da subvención correspondente a 22.500,00 € pola imposibilidade tanto de organización como de coordinación para a continuidade das escolas deportivas de Patinaxe, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



16.32136.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 29/07/2022, QUE RESOLVE O PROCEDIMENTO DE “CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓN FEDERADAS DE ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL PARA O ANO 2022”. (Expte. 2022004149)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno, de 18 de marzo de 2022, aprobou as “Bases reguladoras para á concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito inferior a estatal para o ano 2022”, publicadas no BOP núm. 63 de 31 de marzo de 2022, (Programa DE_A/22).

Que de acordo á proposta da Comisión de valoración, a Xunta de Goberno do 29 de xullo de 2022 resolveu o procedemento de concesión das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior a estatal para o ano 2022, sendo obxecto de publicidade no BOPPO nº 150, do 8 de agosto de 2022, a relación de entidades beneficiarias e as contías das subvencións concedidas.

Que como consecuencia do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte, a Real Federación Galega de Fútbol determinou unha distribución dos equipos de fútbol en relación coa competición oficial de Preferente Galicia (ámbito autonómico) para a tempada 2021/2022. Así, deste xeito a competición de Preferente pasou de Grupo 1º Norte e Grupo 2º Sur, a dividirse en 2 subgrupos cada un dos grupos, formando catro subgrupos, establecéndose por criterios de proximidade xeográfica e equilibrio numérico, o que levou a varios clubs da provincia a participar no grupo de Ourense.

Deste xeito, analizada esta nova distribución final acordada pola Federación Galega de Fútbol para a tempada 2021-2022, este Servizo apreciou de oficio un erro material na inclusión dos 7 clubs de fútbol, que a continuación se relacionan e que participaron na competición de fútbol Preferente Galicia grupo 2.ª grupo B, dentro da liña de reparto prevista para clubs de ámbito inferior a estatal.

Exp: 2022030559	Club Cultural Areas
Exp: 2022032251	CD Pontellas
Exp: 2022034171	Porriño Industrial FC
Exp: 2022029419	ACD UD Atios
Exp: 2022026216	Club Sporting Guardés
Exp: 2022032828	Club Caselas FC
Exp: 2022032905	Mondariz FC



Que como consecuencia da errónea inclusión dos 7 clubs de fútbol indicados, que participaron na competición de fútbol Preferente Galicia grupo 2.^a Grupo A, na liña de reparto prevista para clubs de ámbito inferior a estatal, as subvencións concedidas foron substancialmente diferentes aos clubs de fútbol que participaron na mesma categoría pero en distinto grupo [Grupo A], debido ao método de segmentación do crédito dispoñible previsto na base segunda da norma reguladora do procedemento.

Considerando o informe xurídico favorable da xefatura do Servizo de Deportes, do 16 de setembro de 2022, no que se manifesta que a presente modificación pretende corrixir a vulneración do devandito principio, que no caso que nos ocupa, ten como alcance outorgar axudas públicas substancialmente distintas a suxeitos que reúnen as mesmas condicións [*xogar na mesma categoría fútbol Preferente Galicia*], neste sentido o Tribunal Constitucional na súa Sentenza 144/1988, do 12 de xullo, Fundamento Xurídico 3, determina que o principio de igualdade supón tratar de modo igual a todos aqueles que se atopan na mesma situación, polo que se entende que o principio se cumpre a condición de que aos que cumpran as condicións fixadas na convocatoria trátaselles de igual forma.

Nesta liña, segundo o previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, determina que “*As Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*”

Que a posibilidade legal de rectificación cínquese aos supostos, como o presente, en que o propio acto administrativo revela unha equivocación evidente por si mesma e manifesta no contido do acto, susceptible de rectificación, sen afectar á pervivencia do mesmo.

Considerando a dilixencia favorable da Intervención Xeral do 16 de setembro de 2022.

Que consta no expediente a proposta de baremación e compensación de subvención para equiparar aos 7 clubs prexudicados aos resto de clubs de fútbol Preferente Galicia grupo 2.^a Grupo A.

Por todo o exposto, vistos os informes preceptivos favorables, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar a presente modificación do Acordo da Xunta de Goberno, 29 de xullo de 2022, que resolve o procedemento de concesión das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior a estatal para o ano 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a modificación do importe total previsto para a concesión das subvencións é de seiscientos corenta e sete mil centro noventa e cinco con corenta e cinco céntimos (647.195,45) euros; coa seguinte distribución:

- Competicións de ámbito inferior a estatal: 562.195,45€
- Competición de fútbol Preferente Galicia grupo 2^a: 85.000,00 €



Segundo.- Aprobar a concesión, aos clubs de fútbol que participaron na temporada 2021/2022 na categoría preferente Galicia Grupo 2º, grupo B e que se recollen a continuación, das subvencións seguintes e que figuran na relación con CSV: G087EX17CYBND1MM:

Exp: 2022030559	Club Cultural Areas	5.240,03 €
Exp: 2022032251	CD Pontellas	4.281,51 €
Exp: 2022034171	Porriño Industrial FC	6.000,00 €
Exp: 2022029419	ACD UD Atios	6.000,00 €
Exp: 2022026216	Club Sporting Guardés	5.813,53 €
Exp: 2022032828	Club Caselas FC	2.485,34 €
Exp: 2022032905	Mondariz FC	5.179,59 €

Terceiro.- Que o crédito necesario para a modificación do acordo ascende a un total de 22.195,45 € existindo crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 22/340.3410.489.23 para cubrir a compensación proposta.

17.32137.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 24/01/2022 (nº5.31158), SOBRE A “CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AOS CONCELLOS DA ILLA DE AROUSA, AS NEVES, MONDARIZ, O GROVE, O ROSAL, POIO, TOMIÑO E VALGA PARA A ELABORACIÓN DE ESTUDOS TÉCNICOS DE XESTIÓN E PREVENCIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS” (Expte.2021048475)

Visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 5 de setembro de 2022 (CSV:LBENJJV3S8R21H5U), co seguinte teor literal:

“Vistas as solicitudes presentadas polos Concellos da Illa de Arousa, As Neves, Mondariz, O Grove, O Rosal, Poio, Tomiño e Valga, relativas á modificación do acordo núm.5.31158, adoptado na Xunta de Goberno Provincial celebrada o 24 de xaneiro de 2022 para a elaboración de “Estudos técnicos de xestión e prevención de residuos municipais”, o técnico que subscribe emite o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. A Xunta de Goberno Provincial, na sesión ordinaria celebrada o 15 de outubro de 2021, aprobou as Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a elaboración de “Estudos técnicos de xestión e prevención de residuos municipais” co obxecto de establecer unha liña de subvencións destinada a financiar a redacción dos seguintes documentos relacionados entre si:

- 1. Estudo técnico de xestión e prevención de residuos municipais, co contido mínimo reflectido no anexo I das presentes bases, e no que se integre un estudo económico da solución ou solucións propostas que serva de base á futura ordenanza fiscal.*



2. Documento relativo á adaptación da Ordenanza-modelo de xestión de residuos redactada polo REVITALIZA ás condicións de cada un dos concellos e ás solucións do estudo técnico de xestión e prevención dos residuos.

3. Documento relativo á adaptación da Ordenanza-modelo fiscal redactada polo REVITALIZA ás condicións de cada un dos concellos e ás solucións do estudo técnico de xestión e prevención de residuos.

As bases da convocatoria e o extracto da mesma publicáronse no BOPPO nº 201 de 19 de outubro de 2021 .

Segundo. Á vista da documentación que figuraba nos expedientes de subvención e dos informes do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal e da Intervención, a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 24 de xaneiro de 2022, punto número 5.31158, acordou a concesión das subvencións para a elaboración de “Estudos técnicos de xestión e prevención de residuos municipais” aos Concellos da Illa de Arousa, As Neves, Mondariz, O Grove, O Rosal, Poio, Tomiño e Valga, por un importe total de 100.000,00 euros; así mesmo, acordouse que estes deberían ter redactados e presentados os estudos técnicos e demais documentación no prazo de oito (8) meses contados a partir da notificación da concesión da subvención. As notificacións aos concellos beneficiarios das subvencións tiveron lugar entre os días 25 e 28 de xaneiro de 2022, tal e como consta no expediente administrativo da súa razón, finalizando os prazos de execución e xustificación eses mesmos días do mes de setembro de 2022, conforme ao seguinte detalle:

BENEFICIARIO (Concello)	Importe concedido	Data notificación subvención	Data xustificación (8 meses)
Mondariz	12.000 €	25/01/2022	25/09/2022
Neves, As	9.000 €	25/01/2022	25/09/2022
Valga	12.000 €	26/01/2022	26/09/2022
Rosal, O	12.000 €	28/01/2022	28/09/2022
Illa de Arousa, A	12.000 €	26/01/2022	26/09/2022
Grove, O	15.000 €	25/01/2022	25/09/2022
Tomiño	15.000 €	28/01/2022	28/09/2022
Poio	13.000 €	25/01/2022	25/09/2022

Terceiro. Os días 26, 29 e 30 de agosto e 1 e 2 de setembro de 2022, teñen entrada no Rexistro Xeral de Deputación Provincial de Pontevedra (n^os de rexistro web2022046517, web2022046522, web2022046529, web2022020595, web2022046896, web2022046914, web2022047233 e web2022047707), escritos dos Concellos do Rosal, A Illa de Arousa, Tomiño, Mondariz, Poio, As Neves, O Grove e Valga, a través dos cales solicitan de maneira motivada unha prorroga de dous (2) meses para ter redactados e presentados os estudos técnicos e demais documentación xustificativa esixida na convocatoria.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación dunha subvención sempre que non prexudiquen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.



- O artigo 11.2a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- A base décimo sexta da convocatoria relativa á modificación da resolución de concesión indica que “A entidade beneficiaria da subvención poderá solicitarlle ao órgano concedente a modificación do acordo de concesión nos termos e nas condicións establecidas no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra”.
- O artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra permite a modificación da resolución de concesión, incluídos os prazos de execución e xustificación, naqueles casos en que se xustifique adecuadamente, se ben as modificacións non deberán variar o destino ou finalidade da subvención nin supoñer prexuízos a terceiros, e deberán solicitarse antes de rematar o prazo para realizar as actividades. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida.

Trasladado o anterior ao presente expediente verifícase que as solicitudes obxecto do presente informe compren as premisas mencionadas xa que logo:

- Os concellos solicitan de xeito motivado unha ampliación do prazo concedido inicialmente polas seguintes razóns:

A necesidade de tramitar un expediente para a contratación das asistencias técnicas encargadas da redacción dos documentos esixidos nas bases da convocatoria provocou unha demora na súa execución, ao que se engade a escaseza de medios persoais e materiais municipais para articular ditos procedementos.

A dificultade para obter a información relativa á produción de residuos domésticos das distintas fraccións producidas no ámbito municipal dos últimos anos, así como toda a información contida no anexo I das bases que regulan esta convocatoria.

O tratamento e análise de toda esta información para poder definir os posibles escenarios de recollida e tratamento dos residuos producidos, en función da estrutura económica e xeográfica do municipio, que repercute directamente na elaboración da correspondente ordenanza reguladora do servizo e, paralelamente, no deseño das ordenanzas fiscais.

A aprobación da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, unha vez concedida a subvención, establece novos e esixentes obxectivos no ámbito dos residuos municipais para a seguinte década aos que se deben adaptar os estudos técnicos encargados.

- Todas as consideracións anteriores determinan que atendendo á tramitación precisa resulte imposible ter redactados e presentados os estudos técnicos e demais documentación esixida na convocatoria no prazo previsto inicialmente de oito (8) meses, o cal xustifica que a concesión dunha prórroga de dous (2) meses contados a partir da notificación da concesión da subvención.



- *A normativa aplicable permite realizar as modificacións propostas xa que non implican un cambio do destino ou finalidade da subvención, non afectan aos criterios de concesión da subvención nin supoñen variacións económicas á alza; tampouco prexudican dereitos de terceiros e as modificacións solicítanse antes de que conclúa o prazo para a realización das actuacións obxecto das subvencións.*

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes de feito mencionados e os fundamentos xurídicos expostos, infórmase favorablemente a aprobación da modificación do acordo da Xunta de Goberno núm. 5.31158, do 24 de xaneiro de 2022, sobre a concesión das subvencións para a elaboración de estudos técnicos relativos á xestión e prevención de residuos municipais outorgadas aos Concellos da Illa de Arousa, As Neves, Mondariz, O Grove, O Rosal, Poio, Tomiño e Valga, de acordo ao seguinte detalle:

Modificar a base décimo segunda da convocatoria (xustificación e aboamento) no sentido de que as entidades beneficiarias deberán ter redactados e presentados os estudos técnicos e demais documentación esixida na convocatoria no prazo de dez (10) meses, contados a partir da notificación da concesión da subvención.

Esta modificación non supón variación algunha no importe total da subvención concedida aos citados concellos ao abeiro das subvencións para a elaboración de “Estudos técnicos de xestión e prevención de residuos municipais”. Así mesmo, respéctanse os criterios de concesión establecidos nas bases reguladoras da subvención de referencia e non se produce prexuízo nos dereitos de terceiros.”

Vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención Xeral, de data 14 de setembro de 2022 (CSV:TLUFY3O3L5T70DWA), en relación ao citado informe-proposta transcrito anteriormente.

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Modificar o acordo núm. 5.31158 adoptado pola Xunta de Goberno na sesión celebrada o 24 de xaneiro de 2022, sobre a concesión de subvencións aos Concellos da Illa de Arousa, As Neves, Mondariz, O Grove, O Rosal, Poio, Tomiño e Valga, para a elaboración de estudos técnicos relativos á xestión e prevención de residuos municipais, no sentido de ampliar a 10 meses o prazo para realizar e xustificar as actuacións obxecto de subvención, contados a partir da notificación da concesión da mesma.

Esta modificación non supón variación algunha no importe total das subvencións concedidas aos citados Concellos ao abeiro das subvencións para a elaboración de “Estudos técnicos de xestión e prevención de residuos municipais”. Así mesmo, respéctanse os criterios de concesión establecidos nas bases reguladoras da subvención de referencia e non se produce prexuízo nos dereitos de terceiros.



Segundo.- Darlle traslado do presente acordo aos *Concellos da Illa de Arousa, As Neves, Mondariz, O Grove, O Rosal, Poio, Tomiño e Valga*, así como á Intervención Provincial e ao Servizo de Asistencia Intermunicipal aos efectos oportunos.

18.32138.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO 09/09/2022 (Nº10.32086) RELATIVO Á “APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DOS SEIS LOTES DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE”.
(Expte.2020055591)

Mediante acordo da Xunta de Goberno número 10.32086 de data 3 de setembro de 2022 acordouse a aprobación da primeira prórroga dos seis lotes do contrato de “*Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe*”.

Resultando que en dito acordo advertiuse un erro no NIF de *Miguel Ángel Ventín Portasany*.

Considerando que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, da cordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar o citado acordo adoptado na Xunta de Goberno de data 3 de setembro de 2022 (nº 10.32086), no seguinte senso de que:

ONDE DI:

“*Miguel Angel Ventín Portasany (NIF:35.300.200 Y)*”.

DEBE DICIR:

“*Miguel Angel Ventín Portasany (NIF:35.300.222 Y)*”.



19.32139.- COMUNICACIÓNS

A) Dar conta de sentenza levada polo servizo de Asesoría Xurídica desta Deputación (Expte.2021020232):

- Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Pontevedra, ditada no procedemento ordinario núm. 142/21, promovido polo *Concello de Rodeiro*, sobre concesión de subvención.

Dada conta que con data 14 de setembro de 2.022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (ditada no procedemento ordinario núm. 142/21, promovido polo *Concello de Rodeiro*, contra o acordo de data 12 de febreiro de 2021 da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, desestimatorio da súa solicitude de ampliación ou prórroga do prazo de execución e xustificación da subvención concedida para a obra “*Urbanización da Praza de Oseira envolvente*” con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 Liña 1, anualidade 2018) que estima a demanda, ordenando anular o acordo impugnado, declarando o dereito do Concello de Rodeiro á ampliación do prazo concedido para a terminación da obra subvencionada, ata o 31 de xullo de 2021, no prazo dun mes a partir do Decreto de firmeza da devandita sentenza, sen facer expresa imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

Queda enterada a Xunta de Goberno do contido da mesma, validando os recursos que contra ela puideran presentarse.

B) Dar conta de actos firmes, ditados na orde xurisdiccional contencioso-administrativo e levada a cabo a súa defensa polo Servizo Xurídico do ORAL (Expte.2022004522):

ACTOS FAVORABLES (Desestimacións)

SENTENZAS

Recadación Executiva- Providencia de Prema.

- 1) Sentenza nº 091/2022 de 7 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 198/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 091/2022 de 7 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 198/2021 promovido por *Atlas Energía Comercial SL* contra Resolución de Tesourería de 14/04/2021, Expte.39920000016116, Desestimatoria do recurso de reposición interposto contra as Providencias de Prema derivadas das liquidación emitidas por Inspección IAE 2016 a 2019, Concello do Porriño, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en custas á autora, sendo fixada a contía do procedemento en 1.191,91 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



- 2) Sentenza nº 094/2022 de 8 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 199/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 094/2022 de 8 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 199/2021 promovido por *Atlas Energía Comercial SL* contra Resolución de Tesourería de 08/04/2021, Expte.39920000016115, Desestimatoria do recurso de reposición interposto contra as Providencias de Prema derivadas das liquidación emitidas por Inspección IAE 2016 a 2019, Concello de Vilaboa, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en custas á autora, sendo fixada a contía do procedemento en 1.191,63 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 3) Sentenza nº 022/2022 de 4 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 207/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 022/2022 de 4 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 207/2021 promovido por *Atlas Energía Comercial SL* contra Resolución de Tesourería de 22/03/2021, Expte.39920000016117, Desestimatoria do recurso de reposición interposto contra as Providencias de Prema derivadas das liquidación emitidas por Inspección IAE 2016 a 2019, Concello de Lalín, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en custas á autora, sendo fixada a contía do procedemento en 546,35 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI)

- 4) Sentenza nº 024/2022 de 4 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 171/2021

Dáse conta da Sentenza nº 024/2022 de 4 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 171/2021 (antes PA) promovido por *D^a María del Caremen Martínez Fontan* contra Resolución de Tesourería de 25/02/2021 (40900000006156) desestimatoria do recurso de reposición interposto contra liquidacións do IBI Urbana Concello de Cangas, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo, sen condena en custas, sendo fixada a contía do procedemento en indeterminada, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



Sanciones Tributarias

- 5) Sentenza nº 019/2022 de 03 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 416/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 019/2022 de 3 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 416/2021 promovido por *Integración Europea de Enerxía SAU* contra Resolución de Tesourería de 28/09/2021 (39920000022057), desestimatoria do recurso de reposición interposto contra Sanción Tributaria por Inspección - Acta de Conformidade 2020/C0387 (39230000002776) Concello de Moaña, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo, con condena en custas a reclamante, sendo fixada a contía do procedemento en 41,99 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

Multas de Tráfico

- 6) Sentenza nº 041/2022 de 1 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 218/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 041/2022 de 1 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 218/2021 promovido por *D. Amado Danoz González* contra Decreto da Alcaldía do *Concello do Porriño* pola que se desestima o recurso reposición interposto contra o Expte. Sancionador en materia de Tráfico 8234/2020, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo, sendo fixada a contía do procedemento en 200,00 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

ACTOS DESFAVORABLES (Estimacións)

SENTENZAS

Recadación Executiva.

- 1) Sentenza nº 026/2022 de 27 de xaneiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 057/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 026/2022 de 27 de xaneiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 057/2021 promovido por *D.ª María Elsa Otero Rea* contra Resolución de 24/11/2020 (Expt.- 39920000012540) Desestimación do recurso de reposición contra Providencia de Prema - TE Cotas Urbanísticas – Xunta Compensación Polígonos “*Os Cotos*”- Sanxenxo, na que se estima o recurso contencioso-administrativo sen condena en custas, sendo fixada a contía do procedemento en 15.059,44 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.



Multas de Tráfico (1)

- 2) Sentenza nº 055/2022 de 21 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 161/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 055/2022 de 21 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 161/2021 promovido por *D.ª María Jesús Rodríguez Saavedra* contra Desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra Multa de Tráfico - Expte. Sancionador 12811/2020 – *Concello do Porriño*, ampliado á Resolución da Alcaldía de 06/10/2021, desestimatoria do recurso de reposición, na que se estima o recurso contencioso-administrativo con condena en custas ó Concello do Porriño, sendo fixada a contía do procedemento en 200,00 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

- 3) Sentenza nº 036/2022 de 21 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 228/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 036/2022 de 21 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 228/2021 promovido por *D. Alejandro Vera Armada* contra Resolución da Alcaldía do *Concello do Porriño* de 12-04-2021, Expte. Sancionador en materia de Tráfico nº 13632/2020, na que se estima o recurso contencioso-administrativo sen condena en custas, sendo fixada a contía do procedemento en 200 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

Exención no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM)

- 4) Sentenza nº 035/2022 de 21 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 227/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 035/2022 de 21 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 227/2021 promovido por *D.ª María Jesús Salgueiro Corrales* contra Resolución de Tesourería de 12/04/2021 (39920000018421), desestimatoria do recurso de reposición contra resolución de 08/02/2021 (Expte.40720000014576) Estimación Parcial Exención IVTM (Inadmite 2019 e 2020 - Estima 2021 y Sg.) - *Concello de Moaña*, na que se estima o recurso contencioso-administrativo sen condena en custas, sendo fixada a contía do procedemento en 11,48 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.



Inspección do Impostos sobre Actividade Económicas (2)

- 5) Sentenza nº 042/2022 de 24 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 381/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 042/2022 de 24 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 381/2021 promovido por *Integración Europea de Enerxía SAU* contra Resolución de Tesourería de 02/09/2021 (39920000021759) desestimatoria do recurso interpostos contra Liquidacións derivadas da Inspección do IAE, na que se estima o recurso contencioso-administrativo sen condena en custas, sendo fixada a contía do procedemento en 2.922,19 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

- 6) Sentenza nº 097/2022 de 8 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 429/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 097/2022 de 8 de abril do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 429/2021 promovido por *Iberdrola Clientes SAU* contra Resolución de Tesourería de 06/10/2021 (39920000020195) desestimatoria do recurso interposto contra as Liquidacións derivadas da Inspección do IAE – Distribución Gas, na que se estima o recurso contencioso-administrativo, sen condena en custas, sendo fixada a contía do procedemento en 1.101,91 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

- 7) Sentenza nº 050/2022 de 11 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 441/2021.

Dáse conta da Sentenza nº 050/2022 de 11 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 441/2021 promovido por *Curenergía Comercializador* de Último Recurso SAU contra Resolución de Tesourería de 14/10/2021 (39920000020218) desestimatoria do recurso interposto contra as Liquidacións derivadas da Inspección do IAE – Distribución Gas, na que se estima o recurso contencioso-administrativo, sen condena en custas, sendo fixada a contía do procedemento en 4.221,77 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.



AUTOS

Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana - IIVTNU(3)

- 1) Auto nº 007/2022 de 18 de xaneiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 167/2021.

Dáse conta do Auto nº 007/2022 de 18 de xaneiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditado en autos do Proc. Abreviado 167/2021, promovido por *D.^a María Soledad Chapela Piñeiro* contra Resolución de Tesourería de 24/02/2021 (Expte. 39100000010042) desestimatoria do recurso de reposición interposto contra as liquidacións emitidas polo concepto IIVTNU – *Concello de Moaña*, importe total 3.708,18 €, polo que se declara finalizado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

- 2) Auto nº 041/2022 de 16 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 222/2021.

Dáse conta do Auto nº 041/2022 de 16 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditado en autos do Proc. Abreviado 222/2021, promovido por *D.^a Ines Tenorio Gayo* contra Resolución de Tesourería de 25/03/2021 (39920000013433), desestimatoria do recurso de reposición contra liquidación IIVTNU, *Concello de Moaña*, importe: 4.845,78 €, polo que se declara finalizado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

- 3) Auto nº 023/2022 de 11 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 229/2021.

Dáse conta do Auto nº 023/2022 de 11 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditado en autos do Proc. Abreviado 229/2021, promovido por *D. Roberto Martínez Vázquez* contra Resolución de Tesourería de 30/04/2021 (39920000017326), Desestimatoria do recurso de reposición contra liquidación IIVTNU, *Concello de Tomiño*, importe: 3.940,69 €, polo que se declara finalizado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.



- 4) Auto nº 004/2022 de 18 de xaneiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 396/2021.

Dáse conta do Auto nº 004/2022 de 18 de xaneiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditado en autos do Proc. Abreviado 396/2021, promovido por *D. Juan Carlos Carrera González* contra Resolución de Tesourería de 02/09/2021 (39920000015491) desestimatoria do recurso de reposición contra liquidación do IIVTNU, Concello de Pontearreas, importe: 731,15€, polo que se declara finalizado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

- 5) Auto nº 015/2022 de 1 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 425/2021.

Dáse conta do Auto nº 015/2022 de 1 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditado en autos do Proc. Abreviado 425/2021, promovido por *Dª Mónica Rodríguez Fernández* contra Resolución de Tesourería de de 01/10/2021 (39110000058999 e 39110000059000) desestimatorias dos recursos de reposición interpostos contra liquidacións do IIVTNU, *Concello de Salvaterra de Miño*, importe 12.468,29 €, polo que se declara finalizado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

- 6) Auto nº 018/2022 de 23 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 430/2021.

Dáse conta do Auto nº 018/2022 de 23 de febreiro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditado en autos do Proc. Abreviado 430/2021, promovido por *Dª Maria Salome Alonso Ozores* contra Resolución de Tesourería de 07/10/2021 (39920000024544) desestimatoria do recurso de reposición interposto contra liquidacións do IIVTNU, Concello de Tomiño, importe: 4.067,48 €, polo que se declara finalizado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.



Multas de Tráfico (1)

- 7) Auto nº 026/2022 de 24 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, ditada en autos do Procedemento Abreviado 178/2021

Dáse conta do Auto nº 026/2022 de 24 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, ditado en autos do Proc. Abreviado 178/2021, promovido por *Trans Drakeo SL* contra desestimación presunta del recurso de reposición interposto o 17/03/2021 contra Expt. Sancionador 11900/2020 -- No identificar ó condutor, derivado do Expte. 6314/2020 - *Concello de Tui*, importe: 600 €, polo que se declara finalizado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

- 8) Auto nº 043/2022 de 18 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 340/2021.

Dáse conta do Auto nº 043/2022 de 18 de marzo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditado en autos do Proc. Abreviado 340/2021, promovido por *D^a Olga Catalina Aaron Parra* contra Resolución de Tesourería de 07/07/2021 (39920000018490) Desestimatoria do recurso de reposición contra Dilixencia de Embargo derivada de Expte. Sancionador en materia de Tráfico nº 14119/2019, *Concello do Grove*, importe: 200 €, polo que se declara finalizado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

20.32140.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Vicepresidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Sr. Vicepresidente, comigo, o Secretario que dou fe.

